



**ACTA NÚM. 19 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
QUE TIVO LUGAR O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2020.
(CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:05 horas** do día **17 de decembro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:



Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 26 e extraordinaria do 30, ambas do mes de novembro deste ano.**
- 2. Aprobación definitiva do estudo de detalle das parcelas C3c01a e C3c01b do parque empresarial da Sionlla.**
- 3. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para promover a contratación de centros especiais de emprego de iniciativa social e darlle cumprimento á Lei de Contratos do sector público.**
- 4. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para fomentar a contratación social responsable.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para axilizar e transparentar o procedemento de contratación dos servizos públicos en precario.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta sobre a licitación dos servizos de recollida do lixo e limpeza viaria, transporte público e xestión dos centros socioculturais.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular para a convocatoria do debate sobre o estado do concello 2020.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre a información e licitación dos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais.**
- 9. Dar conta da Sentenza núm. 377/2019, do 27 de xuño de 2019, recaída no PO 4198/2015.**

10. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

11. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

- Do grupo municipal de CA, sobre acondicionamento parques caninos.
- Do grupo municipal de CA, para mellorar accesibilidade a cociña económica.
- Do grupo municipal de CA, sobre o mercadillo das Fontiñas.
- Do grupo municipal do BNG, cesión parcela Asoc. Sarela.
- Do grupo municipal do PP, deficiencias parque Luís Pasín.
- Do grupo municipal do PP, posta a disposición pavillón en Lavacolla.
- Do grupo municipal do BNG, arranxo pista en Cesar.
- Do grupo municipal do PP, melloras praza de Mazarelos.
- Do grupo municipal do BNG, convocatoria comisión de condecoracións.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal de CA, sobre a construción dunha piscina en Sta. Marta.
- Do grupo municipal de CA, sobre requirimentos da Valedora do Pobo-axuda fogar.
- Do grupo municipal de CA, sobre conflito entre traballadoras do CSC de Vite.
- Do grupo municipal do BNG, sobre pavillón CEIP Mestre Rodríguez Xixirey.
- Do grupo municipal do BNG, sobre propostas comerciantes praza de Abastos.
- Do grupo municipal do PP, recoñecemento de matrículas “multamóbil”
- Do grupo municipal do PP, características vehículos “multamóbil”.
- Do grupo municipal do PP, sobre viveiro de Lamas de Abade.
- Do grupo municipal do BNG, reunión FERUSA e Asoc. Rural obras POS 21.

Preguntas resposta escrita:

- Do grupo municipal de CA, sobre proxectos de rexeneración asfáltica.
- Do grupo municipal de CA, sobre proxecto do aparcadoiro da rúa Altiboia.
- Do grupo municipal do PP, obras pendentes dos plans provinciais.
- Do grupo municipal de CA, sobre a licitación do contrato de alumeado.
- Do grupo municipal de CA, sobre o proxecto de humanización de recunchos.
- Do grupo municipal de CA, sobre o muro do Pazo de San Lourenzo e outros.
- Do grupo municipal de CA, sobre a situación dos investimentos ano 2020.
- Do grupo municipal do BNG, sobre as entradas para Cineuropa.
- Do grupo municipal de CA, sobre o rexistro auxiliar do Ensanche.

12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA para a elaboración e posta en marcha dun plan municipal de xuventude.
2. Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA para a aprobación de exencións nas ordenanzas 3.14, 3.15 e 3.16.
3. Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA para instar ao Parlamento de Galicia e ao Goberno Galego a manter e ampliar as garantías lexislativas ambientais e a transparencia e acceso á documentación pública das iniciativas empresariais galegas.
4. Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA para instar á Xunta e ao Parlamento Galego a recoñecer a singularidade cultural de Santiago de Compostela.
5. Rexistro de entrada do día 8 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG para a creación da ruta cultural en Barciela e Marantes.
6. Rexistro de entrada do día 8 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG para incrementar o fondo de cooperación local para os concellos sufragaren gastos derivados da prevención da COVID-19.
7. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG para mellorar a UCI-A do Hospital Clínico de Santiago.
8. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG para que non se instale definitivamente o mercado na rúa París das Fontiñas.
9. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP para a elaboración dunhas bases de axudas nas que prime a información e criterios obxectivos para unha maior eficacia.
10. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP para o impulso dunha programa de acompañamento e posta en valor para as persoas maiores.
11. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP para acometer melloras de accesibilidade na zona de Santas Mariñas, no barrio de Sar.
12. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP para garantir o arranxo dos viais públicos trala corta e abatemento de árbores.

Comeza a sesión gardándose un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero e da COVID-19.

Antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día, teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Jesús Pais Bernaldo, en relación á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para instar ao Parlamento a recoñecer a singularidade cultural de Santiago de Compostela.

Don Gabriel Mújico Rodríguez, en relación ás proposicións presentadas polos grupos municipais do BNG, de CA e do PP, sobre contratos do transporte público, recollida e tratamento de residuos e centros socioculturais.

Don José M^a Liste García, en relación á moción do grupo municipal do BNG, sobre o mercado na rúa París de Fontiñas.

Foi retirado o rogo presentado polo grupo municipal do BNG, sobre cesión parcela á Asociación Sarela, e con respecto ao rogo tamén do BNG sobre a convocatoria da comisión de condecoracións, foi transformado en moción conxunta de todos os grupos políticos municipais e procédese á votación para a súa inclusión por urxencia na orde do día da sesión, que é acordada por unanimidade:

Moción conxunta de todos os grupos políticos municipais para convocar a comisión de condecoracións e designar co nome de Exeria a nova prara entre a Avda. de Lugo e os Concheiros.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA DO 26 E EXTRAORDINARIA DO 30, AMBAS DO MES DE NOVIEMBRE DESTE ANO.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade as actas correspondentes ás sesións ordinaria do 26 e extraordinaria do 30, ambas do mes de novembro deste ano.

2. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS C3C01A E C3C01B DO PARQUE EMPRESARIAL DA SIONLLA.

O informe xurídico emitido pola xefa da sección de xestión urbanística con data 4 de decembro do corrente ano e que trae o conforme da concelleira delegada da área, ten o seguinte contido:

“O Estudo de detalle, elaborado polo arquitecto don Jesús Antonio Tejedor Sánchez, fórmulase por iniciativa particular de ASCENDIUM MAQUINARIA SLU, co obxecto de reordenar o volume edificable nas parcelas C3c01a e C3c01b do *Proxecto de reparcelación do parque empresarial da Sionlla*, que fora aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local con data 18 de outubro de 2012.

As parcelas afectadas, coas referencias catastrais 1410909NH4511A0000KF e 1410910NH4511A0000MF, sitúanse na confluencias da rúa do País Vasco (nº 51) coa rúa Estremadura (nº 1), e teñen unhas superficies de 3.184 e 2.994 m², respectivamente.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

A ordenación urbanística das parcelas afectadas contense no *Proxecto sectorial do Parque Empresarial de Santiago de Compostela* que foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o día 7.06.2007.

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da disposición final 11ª da súa normativa, remite a ordenación deste ámbito ao citado Proxecto sectorial, aprobado pola Xunta de Galicia.

As dúas parcelas afectadas están suxeitas á aplicación da ordenanza 3 (edificación semiadosada), variante 3 C, que establece as condicións de edificación no epígrafe 4.3.3 das ordenanzas reguladoras.

Nos planos de ordenación do Proxecto sectorial sinalanse as aliñacións e as liñas de edificación, así como os recuamento mínimos a fronte de parcela, fondo e lindes laterais.

O Proxecto sectorial remite a definición das liñas de adosamento permitidas ao proxecto de parcelación, o cal permite adosar a edificación das dúas parcelas que son obxecto deste Estudo de detalle.

2. OBXECTO DO ESTUDO DE DETALLE

O Estudo de detalle ten por obxecto definir as rasantes e reordenar o volume edificable permitido polo proxecto sectorial no ámbito das dúas parcelas afectadas.

A reordenación do volume edificable efectúase dentro dos límites fixados no proxecto sectorial, respectando tanto as súas aliñacións e recuamentos mínimos, como a superficie edificable máxima permitida no conxunto das dúas parcelas. Dentro da área de movemento da edificación que resulta dos citados límites, o estudo de detalle permite o recuamento da edificación respecto da liña de edificación definida no proxecto sectorial, o que supón unha menor ocupación de parcela, liberando así espazo privado para outras actividades complementarias que non precisan edificación.

Cómpre advertir que a vixente normativa do Proxecto sectorial establece como “obrigatoria” a liña de edificación sinalada en planos de ordenación, co obxecto de garantir o aliñamento das fachadas. Porén, a administración autonómica está a tramitar unha Modificación do Proxecto sectorial (nº 1) –actualmente en exposición pública– na que, entre outras cuestións, dispón o seguinte:

A liña de edificación será liña límite, non obrigatoria, nos casos en que a edificación presente recuados laterais en ambas lindes ou, en caso de adosamento, cando exista acordo entre os propietarios.

A liña de edificación obrigatoria poderá considerarse como liña de edificación non obrigatoria nos seguintes casos:

Conxunto de dúas parcelas cunha liña de adosamento común a ambas parcelas, sempre e cando o recuamento das edificacións respecto da liña de edificación sexa o mesmo en ambas parcelas

Con todo, considérase que o estudo de detalle é un instrumento de planeamento axeitado para reaxustar as liñas de edificación, sempre que a reordenación proposta respecte os límites que para esta figura de planeamento se definen nos artigos 79 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 192 do seu Regulamento de desenvolvemento.

No expediente constan informes favorables do arquitecto xefe do Servizo de Planeamento, asinados os días 23 de xuño de 2020 e 28 de setembro de 2020.

3. EXPOSICIÓN PÚBLICA E INFORMES SECTORIAIS

En aplicación do procedemento regulado nos artigos 80.2 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG) e 194 do seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG), o Estudo de detalle aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o día 3 de agosto de 2020 e someteuse a información pública durante o prazo dun mes, con citación persoal dos titulares catastrais das dúas parcelas afectadas e anuncios que para o efecto se publicaron con data 23.10.2020 no Diario Oficial de Galicia e no xornal *El Correo Gallego*.

Con data 2.09.2020 a promotora presentou un documento refundido, no que se integran as modificacións sinaladas no acordo de aprobación inicial, segundo se xustifica polos técnicos municipais nun informe asinado o 28.09.2020.

Con data 1 de decembro recibíuse o informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, segundo resolución asinada o 19.10.2020 (Exp. 2020/1478)

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente o Estudo de detalle das parcelas C3c01a e C3c01b do *Proxecto de parcelación do parque empresarial da Sionlla*, formulado por iniciativa particular de ASCENDUM MAQUINARIA SLU, segundo o proxecto refundido presentado o 2.09.2020 e asinado polo arquitecto Jesús Antonio Tejedor Sánchez.



O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista do informe transcrito, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente á súa sesión ordinaria do día 10 de decembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda aprobar definitivamente o estudo de detalle das parcelas C3c01a e C3c01b do Proxecto de reparcelación do parque empresarial da Sionlla, formulado por iniciativa particular de ASCENDUM MAQUINARIA SLU, segundo o proxecto refundido presentado o 2.09.2020 e asinado polo arquitecto Jesús Antonio Tejedor Sánchez.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia, e a normativa e ordenanzas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA PROMOVER A CONTRATACIÓN DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL E DARLLE CUMPRIMENTO Á LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

Auséntase o concelleiro don Javier Fernández Martínez.

A proposición do epígrafe, presentada con data 4 de decembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A integración social das persoas con diversidade funcional é un dereito constitucional, que as administracións públicas teñen a obriga de garantir. Para lograr esa plena inclusión, un dos factores máis relevantes é o acceso ao mercado laboral deste colectivo. Ter un traballo significa moito no económico, pero tamén no que ten que ver co desenvolvemento persoal, a independencia e a dignidade das persoas con diversidade funcional. Neste sentido, as administracións públicas teñen un papel fundamental para impulsar o acceso ao mercado laboral das persoas con diversidade funcional. Non só a través dos seus procesos de selección de persoal, senón tamén a través dos seus procesos de contratación e externalización de servizos. Nesa liña vense traballando no conxunto da Unión Europea, e tamén no Estado español.

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público sinala o seguinte na súa disposición adicional cuarta:

Disposición adicional cuarta. Contratos reservados.

1. Mediante Acuerdo do Consello de Ministros ou do órgano competente no ámbito das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais, fixaranse porcentaxes mínimas de reserva do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción(...), ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido, a condición de que a porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social dos Centros Especiais de Emprego, das empreass de inserción ou dos programas sexa o previsto na súa normativa de referencia e, en todo caso, ao menos do 30 por 100”

A propia disposición adicional sinala que ata que o Consello de Ministros fixe a porcentaxe mínima de reserva dos contratos, os órganos de contratación do sector público estatal deberán aplicar directamente unha porcentaxe mínima de reserva do 7%, que se incrementará ata o 10 por cento nos catro anos seguintes. No ámbito galego, a Xunta publicou, tamén antes da modificación da Lei de Contratos, unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, que

recollle que “o importe global dos contratos reservados será determinado por cada entidade cun límite mínimo do 3% e máximo do 5% do importe dos contratos adxudicados no exercicio orzamentario inmediatamente anterior mediante contratos menores ou procedementos negociados por razón da contía”

En Santiago, durante o pasado mandato déronse importantes pasos en relación á reserva de contratos a Centros Especiais de emprego e empresas de inserción. Así, en abril de 2017 aprobouse o listado de áreas de actividade obxecto desta reserva de contratos, que incluía inicialmente o mantemento e conservación de zonas verdes, o mantemento e conservación de bens inmobles, os servizos de restauración, catering e hostalería, a recollida e transporte de residuos, os servizos auxiliares e de conserxería, o servizo de dixitalización e tratamento documental, o servizo de artes gráficas, mensaxería, e servizos relacionados con actividades de especial perspectiva social. No acordo incluíuse que “o importe dos contratos obxecto de reserva será como mínimo dun 5% do importe dos contratos adxudicados no exercicio inmediatamente anterior no conxunto das áreas de actividade anteriormente sinaladas”. Posteriormente, a Xunta de Goberno Local aprobou o 11 de agosto de 2017, polo tanto tamén antes da entrada en vigor da nova Lei de Contratos, unha Instrución sobre contratación intelixente, responsable, integradora e sustentable, para a efectiva aplicación de consideracións de tipo social, laboral, ambiental, de innovación, calidade e proximidade aos contratos do sector público do Concello de Santiago.

Sen embargo, no actual mandato e co actual goberno semella que existe unha sensibilidade menor porque unha das grandes oportunidades perdidas para que o Concello de Santiago mostrara o seu compromiso coa integración laboral das persoas con diversidade funcional foi o prego para a adxudicación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo, aprobado pola Xunta de Goberno o pasado 23 de novembro. Ese contrato conta cun orzamento de case 12,7 millóns de euros para catro anos, e aféctalle ao mantemento de 2.646.944 metros cadrados de superficie en máis de 280 zonas diferentes. Neste prego, o Goberno local optou por sinalar que “a empresa contratista deberá subcontratar o mantemento de alomenos o 50% da superficie das zonas de nivel C definidas no prego técnico con Centros especiais de emprego de iniciativa social legalmente constituídos e rexistrados de acordo coa Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (RDL 1/2013, de 29 de novembro) entre as que se incluírán, inexcusablemente, as áreas de Selva Negra e Pedra Castro.” As zonas de nivel C suman unha superficie de 610.756 metros cadrados, e o orzamento destinado ao seu mantemento é de 354.065,56 euros. Deste xeito, os pregos sinalan a obriga de subcontratar un mínimo de 177.032,78 euros anuais, nun contrato de 4.110.991,43 euros anuais, isto é, os pregos obrigan a que tan só o 4,3 por cento do orzamento anual do contrato de mantemento de parques e xardíns sexa para subcontratar a Centros Especiais de Emprego.

O Goberno optou, ademais, pola fórmula da subcontratación, que non é nin a recomendable nin a reclamada desde os propios Centros Especiais de Emprego, unha falta de sensibilidade que semella aínda máis grave ao ter a mesma titular as delegacións de parques e xardíns e de políticas sociais. Unha falta de sensibilidade que demostra unha determinada liña política de retrocesos e que foi unha escolla, e non unha obriga técnica, porque a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público téñen entre os seus obxectivos facilitar o acceso á contratación pública a un maior número de empresas e, para iso, invertiu a regra xeral que se utilizou ata a entrada en vigor desa normativa, debendo xustificarse nos expedientes a non división do contrato en lotes. A mesma lei sinala, no seu artigo 99.4, que *“poderá reservar algún ou algúns dos lotes para Centros Especiais de Emprego ou para empresas de inserción, ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego prorexido”*. A fórmula de subcontratación elixida mesmo é cuestionada nun informe da Intervención municipal sinala que *“a obriga de subrogación de persoal establecida no PCAP, e que como xa indicamos supón a maior parte do orzamento do contrato destinado a cubrir custos laborais, pode limitar a aplicabilidade desta condición especial. É dicir, non podemos determinar se a marxe de custos laborais permite dar cobertura para esta subcontratación de alomenos o 50% da superficie das zonas do nivel C, en tanto que no estudo económico non se define o persoal mínimo para a realización destes traballos”*.

Se ben é certo que as entidades sociais veñen prestando o servizo de mantemento dos parques de Salgueiriños e Vidán, o salientable é que o novo contrato de mantemento das zonas verdes incorporou numerosas áreas novas que non existían cando se realizou a anterior adxudicación e o Goberno non tivo a previsión de incrementar as reservas de contratos para seren adxudicados directamente, e non a través de subcontratacións, polos Centros Especiais de Emprego. O acontecido co contrato de mantemento das zonas verdes non parece que vaia ser a excepción, senón a regra de actuación do Goberno municipal. No Plan de Contratación do Concello de Santiago para o ano 2020, presentado o 5 de xuño, inclúense un total de 72 contratos. Só 8 deles teñen división en lotes, e en ningún dos casos consta na listaxe publicada na web municipal que o procedemento de contratación estea reservado a Centros Especiais de Emprego.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Compostela Aberta traslada ao Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Instar á concellaría de Políticas Sociais a velar para que o goberno do Concello de Santiago manteña unha porcentaxe mínima de reserva do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción.

2. Instar ao correspondente órgano de Goberno do Concello de Santiago a ditar unha Instrución para os órganos municipais correspondentes, para a correcta aplicación desa porcentaxe mínima que non será menor do 7% indicado na disposición adicional cuarta da LCSP, e tal e como indica esa mesma lei, favorecer a división en lotes dos contratos licitados pola administración municipal, co obxectivo de favorecer a contratación pública dun maior número de empresas.

3. Instar á Xunta de Galicia a establecer unha porcentaxe mínima do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. Esa porcentaxe será dun mínimo do 7 por cento do orzamento total dos contratos adxudicados pola administración autonómica e polos organismos dela dependentes.”

Rematado o debate desta proposición e máis a do punto seguinte que se fixo conxuntamente, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA e 2 BNG), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Partido Popular (9 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda:

1. Instar á concellaría de Políticas Sociais a velar para que o goberno do Concello de Santiago manteña unha porcentaxe mínima de reserva do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción.

2. Instar ao correspondente órgano de Goberno do Concello de Santiago a ditar unha Instrución para os órganos municipais correspondentes, para a correcta aplicación desa porcentaxe mínima que non será menor do 7% indicado na disposición adicional cuarta da LCSP, e tal e como indica esa mesma lei, favorecer a división en lotes dos contratos licitados pola administración municipal, co obxectivo de favorecer a contratación pública dun maior número de empresas.

3. Instar á Xunta de Galicia a establecer unha porcentaxe mínima do dereito a participar nos procedementos de adxudicación de determinados contratos ou de determinados lotes dos mesmos a Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. Esa porcentaxe será dun mínimo do 7 por cento do orzamento total dos contratos adxudicados pola administración autonómica e polos organismos dela dependentes.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA FOMENTAR A CONTRATACIÓN SOCIAL RESPONSABLE.

Con data 4 de decembro do corrente ano foi presentada a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa a fomentar a contratación social responsábel coa aplicación efectiva das cláusulas IRIS nos criterios de valoración das ofertas para incrementar a perspectiva social no relativo á promoción da igualdade, estabilidade no emprego, seguridade e saúde laborais e calidade social das propostas de licitación, ademais de ter en conta os centros especiais de emprego para iniciativa social sen ánimo de lucro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago vén de publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público a licitación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo que causou inquedaanza no tecido asociativo que desenvolve un importante labor para a inserción laboral e integración das persoas con diversidade funcionais e discapacidade en Compostela.

A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (Cegasal), á vista de que o Goberno local excluíu deste procedemento a reserva dun lote para centros especiais de emprego para iniciativa social sen ánimo de lucro nos procedementos de contratación, trasladou a súa preocupación polo que vai supor de perda de oportunidades para entidades como ASPAS, Dixardín ou Erit-Itinera, aínda que poidan participar noutros procesos de licitación para a conservación de zonas verdes da cidade.

Isto supón un paso atrás no compromiso do Concello de Santiago de Compostela co tecido asociativo de ámbito social, nun momento en que cómpre maior sensibilidade coa integración sociolaboral destes colectivos de diversidade funcionais e discapacidade. Deste xeito, estes colectivos que teñen acreditada a súa experiencia e bo facer na promoción do emprego de calidade tanto de persoas con discapacidade como en situación de risco de exclusión social agora quedarán á marxe da contratación no modelo de reserva directa co Concello de Santiago ante a falta de sensibilidade deste Goberno local.

Cómpre lembrar que este contrato de mantemento de parques e xardíns sae cun importe base de licitación de 3.520.881,54 (sen IVE) e 4.231.991,43 euros por anualidade e que a Lei de Contratos determina que entre o 6% e 8% deben ser prazas para persoas con diversidade funcionais e discapacidade, para o que Cegasal reivindica que sexa baixo a modalidade dos centros especiais de emprego para iniciativa social sen ánimo de lucro, co fin de que reverta directamente no pagamento de salarios por convenio e en fins sociais.

Na Xunta de Goberno de 7 de abril de 2017 aprobouse un acordo para a reserva de mercado en favor das entidades prestadoras de servizos públicos de interese económica xeral, como empresas de inserción, centros especiais de emprego e determinadas empresas de economía social. Este acordo supuxo un impulso decidido á inclusión sociolaboral das persoas con diversidade funcional e en situación de risco de exclusión social.

Isto súmase a que na Xunta de Goberno de 11 de agosto de 2017 se aprobou unha instrución sobre contratación intelixente, responsábel, integradora e sustentábel para a incorporación de cláusulas sociais complementarias (IRIS) nos procesos de contratación para que o sector público comprometa as empresas contratistas na promoción dunha sociedade máis responsábel, xusta e sustentábel. Nesa instrución, no artigo 12 faise referencia ás reservas de mercado e determina que existe a posibilidade de establecer reservas de contratación en favor de entidades prestadoras de servizos de interese económico xeral. Inclúense nesta definición as empresas de inserción, os centros especiais de emprego e as empresas de economía social que teñan por obxecto a inserción laboral de colectivos en situación de risco de exclusión. Esta posibilidade debe xustificarse razoadamente con base en principios, valores, características e criterios ben definidos relativos a calidade, continuidade, asequibilidade e adaptación ás necesidades das persoas usuarias, entre outros.

Esta cuestión pon en dúbida que se poidan cumprir as obrigas da disposición adicional IV da Lei de Contratos do Sector Público que é a que se refire aos centros especiais de emprego de iniciativa social. Constátase ademais no prego unha advertencia no informe da Intervención municipal de que “a obriga de subrogación de persoal establecida no PCAP, e que como xa indicamos supón a maior parte do orzamento do contrato destinado a cubrir custos laborais, pode limitar a aplicabilidade desta condición especial. É dicir, non podemos determinar se a marxe de custos laborais permite dar cobertura para esta subcontratación de cando menos o 50% da superficie das zonas do nivel C, en tanto que no estudo económico non se define o persoal mínimo para a realización destes traballos”, en referencia ao que noutro apartado do prego técnico define como centros especiais de emprego de iniciativa social, entre as que se deberán incluír, inescusabelmente, as áreas de Selva Negra e Pedra Castro. Á vista deste informe, deben ser revisados os pregos de contratación para cumprir o disposto na Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Concello de Santiago de Compostela acrecentará nos procedementos de contratación a vontade de comprometer as empresas licitadoras na promoción dunha sociedade máis

responsábel, xusta e sustentábel mediante a aplicación nos criterios de valoración das ofertas das cláusulas IRIS para incrementar a perspectiva social no relativo á promoción da igualdade, estabilidade no emprego, seguridade e saúde laborais e calidade social das propostas de licitación. Cómpre, ademais, facer un seguimento da execución dos contratos con informes que acrediten que se cumpre co acordado no Concello e cos pregos e, en caso contrario, esixir as penalizacións que figuran nos pregos.

2. O Concello de Santiago de Compostela impulsará na contratación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo a reserva dun lote para centros especiais de emprego para iniciativa social sen ánimo de lucro, co obxectivo de favorecer a inclusión sociolaboral das persoas con diversidade funcionais e discapacidade e en situación de risco de exclusión social.”

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE), acorda que:

1. O Concello de Santiago de Compostela acrecentará nos procedementos de contratación a vontade de comprometer as empresas licitadoras na promoción dunha sociedade máis responsábel, xusta e sustentábel mediante a aplicación nos criterios de valoración das ofertas das cláusulas IRIS para incrementar a perspectiva social no relativo á promoción da igualdade, estabilidade no emprego, seguridade e saúde laborais e calidade social das propostas de licitación. Cómpre, ademais, facer un seguimento da execución dos contratos con informes que acrediten que se cumpre co acordado no Concello e cos pregos e, en caso contrario, esixir as penalizacións que figuran nos pregos.

2. O Concello de Santiago de Compostela impulsará na contratación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo a reserva dun lote para centros especiais de emprego para iniciativa social sen ánimo de lucro, co obxectivo de favorecer a inclusión sociolaboral das persoas con diversidade funcionais e discapacidade e en situación de risco de exclusión social.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA AXILIZAR E TRANSPARENTAR O PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS EN PRECARIO.

Auséntase un momento o señor alcalde e pasa a presidir a sesión a tenente de alcalde, dona Mercedes Rosón Ferreiro, e volve a incorporarse o señor alcalde antes da votación.

Foi presentada con data 4 de decembro do corrente ano a proposición que de seguido se transcribe:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa a axilizar e transparentar a contratación dos servizos públicos en precario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na memoria dos Orzamentos de 2020 sinalábase que o reto deste Goberno municipal era a licitación e adxudicación de contratos básicos e estratéxicos para este concello. Para tal fin, no proxecto destes Orzamentos incluíuse crédito adecuado e suficiente para facer fronte á licitación e, no seu caso, adxudicación dos contratos. Citaban aí a previsión do contrato de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arboredo urbano; o servizo de xestión de recollida de residuos e limpeza urbana; o servizo de axuda no fogar; o servizo de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do concello; e o servizo da Escola Municipal de Música. Tamén figuraban nesa previsión o contrato do transporte urbano e o da xestión das escolas infantís de Conxo e das Fontiñas.

Para iso, cumpría actuar con dilixencia e cun cronograma para axilizar redacción dos pregos de licitación deses contratos, en troques de proceder nalgúns casos á vía da súa externalización, posto que o persoal municipal de cada servizo ten coñecementos e experiencia que achegar a eses procedementos.

Meses despois, o 5 de xuño de 2020 anunciouse o Plan de Contratación do Concello de Santiago, que inclúe 113 contratos por un valor próximo aos 800 millóns de euros, coa intención de proceder á licitación inmediata dos servizos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais, entre outros, sen contar coas achegas dos grupos municipais, a pesar de que se trata dunha cantidade económica moi elevada e que vai condicionar o futuro modelo de cidade para a vindeira década. De feito, ese plan elaborado sen transparencia nin participación social supón 8 veces o orzamento anual municipal (116.975.595 euros en 2020).

A idea da inminencia de licitación deses contratos reforzouse en diversas ocasións por parte do Goberno local con anuncios de que se ían publicar entre xullo e setembro mais a realidade é que, coa demora, se incrementaron as queixas de persoas usuarias e traballadoras destas contratas pola precariedade e inestabilidade que xera esta situación. Así, son crecentes as dificultades para o desempeño do seu labor, como ten manifestado en diversas ocasións con protestas, mesmo diante do propio Pazo de Raxoi, persoal das empresas concesionarias. De feito, das previsións iniciais tan só o da Escola Municipal de Música; o da limpeza das dependencias municipais e o de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arboredo urbano foron licitados até a actualidade.

En marzo de 2018, á vista de que diversos servizos estaban a funcionar sen contrato, o BNG trasladou ao Pleno unha proposición para axilizar o procedemento administrativo dos servizos municipais externalizados que operaban sen contrato e para realizar un calendario para normalizar a situación, de acordo coa Lei de Contratos do Sector Público, co fin de resolver as anomalías e a inseguranza xurídica e laboral de traballadores e traballadoras.

Se daquela a situación era preocupante, o escenario empeorou. De feito, na Conta Xeral de 2019 hai dous cadros sobre os servizos de xestión directa e indirecta que detallan as datas da vixencia das contratacións obxecto de concesión. Neles, sinálase que a xestión da escola infantil das Fontiñas rematou o contrato o 31/08/2020; a xestión do Matadoiro, da que xa preguntara o PSOE nun Pleno en 2017, segue sen contrato; o servizo de iluminación pública está sen contrato desde o 15/12/2019; o servizo de recollida de lixo e limpeza viaria sen contrato desde abril de 2020 e cun importe de 6.689.900 euros/ano; o transporte urbano sen contrato e con orde de continuidade cun abono de compensación de 2.051.000 euros anuais; o servizo de abastecemento de auga potábel e saneamento sen contrato e con orde de continuidade; a Sociedade Mixta Deportiva XADE sen contrato e coa prórroga rematada en maio de 2020; a explotación das pistas de pádel sen contrato e con orde de continuidade; a dinamización dos centros socioculturais co contrato rematado en xuño de 2020; ademais da conserxaría e limpeza dos CEIP e a cafetaría da dársena de Xoán XXIII, entre outros.

Cómpre advertir tamén que están próximos a caducar os contratos de comedores escolares en xaneiro de 2021, aínda que teña posibilidade de prórroga, e o do mantemento de pavimentos en febreiro de 2021, para os que aínda non comezaron a súa licitación.

Ante as ordes de continuidade de diversos servizos sen contrato, xa se emitiron informes xurídicos que alertan do enriquecemento indebido para as empresas que gañaron eses concursos por un período de tempo concreto, posto que outras poderían optar a prestalos se os prazos se cumprisen. Isto ten como consecuencia, ademais, outro tipo de irregularidades habituais, como mesmo advertiu a Intervención municipal, como son os constantes recoñecementos extraxudiciais de crédito, que deberan ser unha figura excepcional que debería utilizarse en casos moi concretos e non como unha solución do procedemento máis en casos de incumprimentos da normativa de contratación; ou os numerosos levantamentos de reparos de Intervención para poder facer fronte aos pagamentos, dada a situación en que incorre con tanta frecuencia este modelo negativo e opaco de xestión.

Isto agrávase ante o feito de non facer partícipes os grupos municipais do proceso de elaboración dos pregos nin das mesas de contratación, cando poderían enriquecer coas súas achegas o mellor funcionamento e control destes servizos públicos.

Súmase a esta falta de transparencia a escasa vontade, falta de diálogo e de entendemento por parte do Goberno local con representantes dos comités de empresa deses servizos que se prestan en precario, cando son coñecedores das necesidades reais que deben incluír os pregos de contratación para mellorar a súa prestación e cumprir os convenios laborais.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa consideración a proposta do seguinte

ACORDO

O Pleno insta o correspondente órgano municipal a:

1. Que con carácter previo á apertura do procedemento de adxudicación -e cun tempo mínimo para permitirlles aos grupos aclarar dúbidas ou facer achegas- se lles expoñan aos referidos grupos as prescricións ou características dos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais.
2. Que se liciten os referidos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais de xeito inmediato, sen menoscabo do previsto no apartado anterior.
3. Estabelecer as necesarias canles de diálogo coa representación das traballadoras e dos traballadores destas concesionarias, para coñecer as súas opinións, demandas e suxestións de mellora antes de iniciar a redacción destes ou doutros pregos municipais.”

Rematado o debate, xa que foron debatidas conxuntamente a presente proposición máis as que figuran nos puntos núms. 6 e 8, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar o correspondente órgano municipal a:

1. Que con carácter previo á apertura do procedemento de adxudicación -e cun tempo mínimo para permitirlles aos grupos aclarar dúbidas ou facer achegas- se lles expoñan aos referidos grupos as prescricións ou características dos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais.
2. Que se liciten os referidos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais de xeito inmediato, sen menoscabo do previsto no apartado anterior.

3. Estabelecer as necesarias canles de diálogo coa representación das traballadoras e dos traballadores destas concesionarias, para coñecer as súas opinións, demandas e suxestións de mellora antes de iniciar a redacción destes ou doutros pregos municipais.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A LICITACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DO LIXO E LIMPEZA VIARIA, TRANSPORTE PÚBLICO E XESTIÓN DOS CENTROS SOCIOCULTURALS.

O día 7 de decembro do corrente ano foi presentada a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de xuño de 2020, o alcalde presentou o Plan de Contratación do Concello de Santiago para o ano 2020, un listado das previsións contractuais dos distintos servizos municipais para este ano que está a piques de remantar. Na presentación dese documento, cando xa tiñan transcorridos case tres meses da declaración do estado de alarma por mor da pandemia da Covid-19, Xosé Sánchez Bugallo sinalou que *“este plan influirá de xeito positivo na reactivación económica do Concello. Vai haber un investimento moi importante, creación de emprego e unha mellora notable da calidade dos servizos”*. O alcalde falou tamén, tal e como se recolle na páxina web municipal, de que *“o desenvolvemento deste plan precisa dun esforzo extraordinario, xa que non é habitual este volume de contratación”*.

No Plan de Contratación incluíronse máis de 70 contratos dos diferentes departamentos municipais, e o goberno salientou na súa presentación que sumaban un orzamento de 800 millóns de euros, deixando nun segundo plano que ese orzamento se refire a todos os anos de vixencia dos diferentes contratos, e que máis da metade desa contía, 425 millóns de euros, responde ao contrato para a xestión dos servizos de abastecemento e saneamento que o Goberno quere adjudicar por un prazo de 25 anos.

Á marxe diso, no Plan de Contratación figuran procedementos de licitación moi importantes e que lle afectan directamente á veciñanza. Un deles é o do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria, para o que o Goberno contempla un orzamento de máis de 114 millóns de euros e un contrato dunha duración de 10 anos prorrogables por dous máis. Tamén aparece nese listado o servizo de xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela, cun importe de

máis de 117 millóns de euros, e unha adxudicación por 12 anos. Por último, destaca no Plan de Contratación a previsión de licitar os servizos na rede de centros socioculturais en catro lotes: atención ao público, animación sociocultural, servizo de novas tecnoloxías, e bibliotecarios para a Biblioteca Pública Municipal José Saramago. Para ese procedemento prevese un orzamento de 4,2 millóns de euros, e unha adxudicación por dous anos prorrogables por outros dous.

Ao remate do anterior mandato, o Goberno de Compostela Aberta deixou preparados os pregos para a licitación tanto do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria como do transporte urbano. No caso do primeiro dos servizos, a concelleira responsable Mila Castro téñese comprometido en declaracións aos medios de comunicación a que o contrato estivera listo na primavera de 2020. En xuño pasado, foi o propio alcalde o que afirmou que a intención do Goberno era iniciar a licitación no mes de xullo. É evidente que eses prazos non se cumpriron, e descoñécese se se cumprirá a previsión do Plan de Contratación de inicialo neste ano 2020. En canto ao servizo de transporte urbano, para o que tamén estaban feitos xa uns pregos ao remate do anterior mandato, o concelleiro responsable, Gonzalo Muíños, dixo en setembro de 2019 que a licitación arrancaríase antes de finalizar ese ano, ao tempo que avanzou cambios no mapa de liñas que a día de hoxe aínda descoñecemos.

Como é sabido, os traballadores e traballadoras dos servizos de transporte urbano, así como os da recollida do lixo e da limpeza viaria veñen protagonizando concentracións ás portas do Pazo de Raxoi coincidindo cos Plenos da Corporación, para mostrar o seu malestar pola falta de diálogo do Goberno local en relación a dous procesos de contratación que lles afectan directamente. O persoal das concesionarias carece de información ao respecto dos plans do Goberno, ao igual que os grupos municipais da oposición descoñecen as previsións do Executivo en relación destes contratos fundamentais para a veciñanza, e de moi longa duración.

Por último, no que ten que ver co servizo de xestión dos Centros Socioculturais, dividido en catro lotes, resulta sorprendente que o mesmo concelleiro, Javier Fernández, que ten manifestado a súa queixa e crítica da empresa concesionaria -que foi contratada a través dun procedemento aberto e regrado- despois non sexa capaz de aprobar un novo prego e continúe prorrogando o contrato con esa mesma empresa que critica.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Compostela Aberta traslada ao Pleno o seguinte

ACORDO para instar ao correspondente órgano municipal a:

1. Que con carácter previo á apertura do procedemento de adxudicación -e cun tempo mínimo para permitirlles aos grupos aclarar dúbidas ou facer achegas- se lles expoñan

aos referidos grupos municipais as prescricións ou características dos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo, e de centros socioculturais

2. Que se liciten os referidos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais de xeito inmediato, sen menoscabo do previsto no apartado anterior
3. Establecer as necesarias canles de diálogo coa representación dos e das traballadoras das concesionarias, para coñecer as súas opinións, demandas e suxestións de mellora antes de iniciar a redacción destes ou doutros pregos municipais.”

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano municipal a:

1. Que con carácter previo á apertura do procedemento de adxudicación -e cun tempo mínimo para permitirles aos grupos aclarar dúbidas ou facer achegas- se lles expoñan aos referidos grupos municipais as prescricións ou características dos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo, e de centros socioculturais
2. Que se liciten os referidos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais de xeito inmediato, sen menoscabo do previsto no apartado anterior
3. Establecer as necesarias canles de diálogo coa representación dos e das traballadoras das concesionarias, para coñecer as súas opinións, demandas e suxestións de mellora antes de iniciar a redacción destes ou doutros pregos municipais.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CONVOCATORIA DO DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO 2020.

O día 7 de decembro do corrente ano foi presentada a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Estamos a poucos días de rematar o ano actual e con iso a piques de incumprir o mandato recollido no Regulamento orgánico de funcionamento do Pleno municipal de celebrar cada ano, agás naqueles nos que se celebran as eleccións municipais, unha sesión extraordinaria sobre o “estado do Concello”.

Non é a primeira vez que se propón por parte do Grupo Popular a celebración dunha sesión informativa para que o Goberno dea conta das súas previsións de actuación. A primeira foi a través dunha invitación, no mes de setembro do ano pasado, para que cada un dos concelleiros explicara as liñas de actuación previstas para o seu primeiro cuatrimestre de Goberno. A segunda, un ano despois -en setembro de 2020- para que os responsables de cada departamento informaran das consecuencias da COVID-19 na actividade do Concello. E a terceira, formulada no anterior Pleno do mes de novembro, para a creación dunha Comisión especial de estudo dos orzamentos municipais para o ano 2021 na que compareceran tamén concelleiros e concelleiras a fin de que informasen sobre a situación e as necesidades de cada departamento.

Ningunha destas propostas mereceu nin a consideración nin o apoio por parte do Goberno municipal, o que reflicte a falta de vontade para transparentar a acción política e para obter o parecer e incluso a colaboración dos grupos da oposición.

Ninguén dubida que tras as reformas introducidas nos últimos anos na lexislación local, os órganos de Goberno municipais -alcalde e Xunta de Goberno local, nomeadamente- dispoñen de amplas prerrogativas e competencias exclusivas. Pero non é menos certo que o lexislador tamén se preocupou por sinalar o labor de control do Pleno como fórmula para compensar aquelas atribucións de competencias en favor do executivo, en paralelo á importancia coa que esta función de control se considera nos ámbitos parlamentarios, concedendo amplas posibilidades ao Pleno como órgano de máxima representación da vontade veciñal, unha función aínda máis relevante cando o Goberno municipal se sustenta nunha exíxua e axustada minoría maioritaria.

Conforme a esa capacidade do Pleno Municipal, o Grupo Municipal Popular propón a adopción dun acordo que faga posible a celebración da obrigada sesión plenaria sobre o estado do Concello, unha obriga recollida no vixente Regulamento orgánico do Pleno que dispón no seu artigo 114.1 que “con periodicidade anual terá lugar unha sesión extraordinaria do Pleno dedicada ao debate do estado do Concello, e corresponderalle ao presidente ou presidenta do Pleno fixar a data da sesión por proposta do alcalde ou alcaldesa”.

A situación provocada pola pandemia non pode usarse como escusa para adiar a celebración desta convocatoria. Antes ao contrario, tal e como temos insistido en anteriores ocasións, agora máis que nunca faise preciso coñecer e valorar as repercusións desta situación tan especial e delicada nos servizos e no tecido do noso Concello para

articular coas maiores garantías aquelas medidas que axuden a manter e recuperar os principais indicadores do benestar da nosa veciñanza. Así o entenderon moitos dos grandes concellos de España que ao longo deste ano 2020, por decisión dos seus alcaldes, fixaron e celebraron a correspondente sesión plenaria extraordinaria con este motivo.

Á vista da situación, e para darlle cumprimento á obriga recollida no Regulamento orgánico do Pleno Municipal, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que, conforme ao disposto no Regulamento orgánico do Pleno, fixe antes do remate do ano actual a data para a celebración do Estado do Concello que deberá substanciarse antes do remate do mes de xaneiro próximo, sen que esta convocatoria supoña ningún impedimento para cumprir coa celebración en tempo do debate relativo ao ano 2021.”

O Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros/as asistentes, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a que, conforme ao disposto no Regulamento orgánico do Pleno, fixe antes do remate do ano actual a data para a celebración do Estado do Concello que deberá substanciarse antes do remate do mes de xaneiro próximo, sen que esta convocatoria supoña ningún impedimento para cumprir coa celebración en tempo do debate relativo ao ano 2021.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A INFORMACIÓN E LICITACIÓN DOS CONTRATOS DE TRANSPORTE PÚBLICO, DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E DE CENTROS SOCIOCULTURALS.

A proposición do epígrafe presentada con data 7 de decembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Concello de Santiago sucédense e acumúlanse os servizos sen contrato.

En termos xerais, todo servizo prestado co contrato vencido implica perdas de oportunidade -tecnolóxicas, de mellor dimensionamento do servizo, ..-, dificultades para esixir o cumprimento de prestacións, recoñecementos extraxudiciais de crédito moi

cuestionables no referido ás contías, custes anacrónicos probablemente pouco competitivos...

Nalgúns servizos, como é o caso do servizo de recollida de lixo ou de transporte urbano colectivo xa é tamén un problema moi grave de funcionalidade e de decoro ou imaxe. Nalgúns aspectos -pensemos nos contedores-, o servizo de lixo constitúe unha lixosa metonimia -os contedores confúndense co mesmo lixo- e o servizo de transporte urbano, con autobuses estragados condúcenos a países pouco desenvolvidos.

Transcorreron dezaoto meses desde que tomou posesión o novo Goberno. Coñecían a urxencia de ultimar a licitación destes dous servizos. E atoparon traballos feitos. Malia isto, transcorridos dezaoto meses, estes dous servizos seguen sen licitarse.

Dispuxeron, sen apremos, dun primeiro semestre, tempo que debería ter resultado suficiente para ultimar as licitacións...pero as licitacións seguiron sen aprobarse.

Xa en 2020 transcorreu o mes de xaneiro...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu febreiro...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu marzo...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu abril...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu maio...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu xuño...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu xullo...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu agosto... e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu setembro...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu outubro...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Transcorreu novembro...e as licitacións seguiron sen aprobarse.

Está a transcorrer decembro...e as licitacións seguen sen aprobarse.

Que fixeron en todo este tempo?.

Ata cando se manterán os servizos no estado actual?.

“Quousque tandem abutere, Al-Qâdi, patientia nostra?”.

A vista do exposto, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano municipal a:

1. Que con carácter previo á apertura do procedemento de adxudicación –e cun tempo mínimo para permitirlle aos grupos aclarar dúbidas ou facer achegas– se lles expoñan aos referidos grupos as prescricións ou características dos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais.
2. Que se liciten os referidos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais de xeito inmediato, sen menoscabo do previsto no apartado anterior.
3. Establecer as necesarias canles de diálogo coa representación dos traballadores e traballadoras destas concesionarias, para coñecer as súas opinións, demandas e suxestións de mellora antes de iniciar a redacción destes o doutros pregos municipais.”

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano municipal a:

1. Que con carácter previo á apertura do procedemento de adxudicación –e cun tempo mínimo para permitirlle aos grupos aclarar dúbidas ou facer achegas– se lles expoñan aos referidos grupos as prescricións ou características dos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais.
2. Que se liciten os referidos contratos de transporte público, de recollida e tratamento de lixo e de centros socioculturais de xeito inmediato, sen menoscabo do previsto no apartado anterior.
3. Establecer as necesarias canles de diálogo coa representación dos traballadores e traballadoras destas concesionarias, para coñecer as súas opinións, demandas e suxestións de mellora antes de iniciar a redacción destes o doutros pregos municipais.

9. DAR CONTA DA SENTENZA NÚM. 377/2019, DO 27 DE XUÑO DE 2019, RECAÍDA NO PO 4198/2015.

Dáse conta da firmeza da Sentenza núm. 377/2019, do 27 de xuño de 2019, recaída no Procedemento ordinario núm. 4198/2015, interposto contra a aprobación definitiva do plan parcial do SUD-16 Agra dos Campos (Aríns).

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas ditadas dende o 28 de outubro ao 10 de decembro de 2020.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

- Acta correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 03/11/20.
- Acta correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 06/11/20.
- Acta correspondente á sesión ordinaria do día 09/11/20.
- Acta correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 12/11/20.
- Acta correspondente á sesión ordinaria do día 16/11/20.
- Acta correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 19/11/20.

11. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- Do grupo municipal de CA, sobre acondicionamento parques caninos.
- Do grupo municipal de CA, para mellorar accesibilidade a cociña económica.
- Do grupo municipal de CA, sobre o mercadillo das Fontiñas.
- Do grupo municipal do PP, deficiencias parque Luís Pasín.
- Do grupo municipal do PP, posta a disposición pavillón en Lavacolla.
- Do grupo municipal do BNG, arranxo pista en Cesar.
- Do grupo municipal do PP, melloras praza de Mazarelos.
- Do grupo municipal do BNG, convocatoria comisión de condecoracións.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal de CA, sobre a construción dunha piscina en Sta. Marta.
- Do grupo municipal de CA, sobre requirimentos da Valedora do Pobo-axuda fogar.
- Do grupo municipal de CA, sobre conflito entre traballadoras do CSC de Vite.
- Do grupo municipal do BNG, sobre pavillón CEIP Mestre Rodríguez Xixirey.
- Do grupo municipal do BNG, sobre propostas comerciantes praza de Abastos.
- Do grupo municipal do PP, recoñecemento de matrículas “multamóbil”
- Do grupo municipal do PP, características vehículos “multamóbil”.

Do grupo municipal do PP, sobre viveiro de Lamas de Abade.

Do grupo municipal do BNG, reunión FERUSA e Asoc. Rural obras POS 21.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, sobre proxectos de rexeneración asfáltica.

Do grupo municipal de CA, sobre proxecto do aparcadoiro da rúa Altiboia.

Do grupo municipal do PP, obras pendentes dos plans provinciais.

Do grupo municipal de CA, sobre a licitación do contrato de alumeados.

Do grupo municipal de CA, sobre o proxecto de humanización de recunchos.

Do grupo municipal de CA, sobre o muro do Pazo de San Lourenzo e outros.

Do grupo municipal de CA, sobre a situación dos investimentos ano 2020.

Do grupo municipal do BNG, sobre as entradas para Cineuropa.

Do grupo municipal de CA, sobre o rexistro auxiliar do Ensanche.

Ao principio do debate do presente asunto (rogo accesibilidade cocina económica) reincorporase á sesión o señor Don Javier Fernández Martínez .

Ao finalizar o debate das preguntas orais, faise unha interrupción do pleno cando son as 11:45 horas e volve a retomarse cando son as 12:18 horas.

12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

1. Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA para a elaboración e posta en marcha dun plan municipal de xuventude.

2. Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA para a aprobación de exencións nas ordenanzas 3.14, 3.15 e 3.16.

3. Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA para instar ao Parlamento de Galicia e ao Goberno Galego a manter e ampliar as garantías lexislativas ambientais e a transparencia e acceso á documentación pública das iniciativas empresariais galegas.

4. Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal de CA para instar á Xunta e ao Parlamento Galego a recoñecer a singularidade cultural de Santiago de Compostela.

5. Rexistro de entrada do día 8 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG para a creación da ruta cultural en Barciela e Marantes.

6. Rexistro de entrada do día 8 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG para incrementar o fondo de cooperación local para os concellos sufragaren gastos derivados da prevención da COVID-19.

7. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG para mellorar a UCI-A do Hospital Clínico de Santiago.

8. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do BNG para que non se instale definitivamente o mercado na rúa París das Fontiñas.

9. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP para a elaboración dunhas bases de axudas nas que prime a información e criterios obxectivos para unha maior eficacia.
10. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP para o impulso dunha programa de acompañamento e posta en valor para as persoas maiores.
11. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP para acometer melloras de accesibilidade na zona de Santas Mariñas, no barrio de Sar.
12. Rexistro de entrada do día 9 de decembro de 2020, presentada polo grupo municipal do PP para garantir o arranxo dos viais públicos trala corta e abatemento de árbores.

Os textos das mocións presentadas transcríbense a continuación:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A ELABORACIÓN E POSTA EN MARCHA DUN PLAN MUNICIPAL DE XUVENTUDE

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde o Grupo Municipal de Compostela Aberta consideramos urxente a elaboración e posta en marcha dun Plan Municipal de Xuventude que implique transversalmente a todas as áreas de goberno, e que aposte decididamente pola vida da xente nova en Santiago. Son precisas medidas inmediatas e específicas para rescatar á mocidade de Santiago desta fonda crise. Temos que atender ás mozas e aos mozos, un colectivo que está a sufrir un incremento da súa vulnerabilidade en moi diversos ámbitos como son o emprego, a vivenda, a educación ou a cultura.

Agora son necesarias políticas integrais e transversais que dean resposta ás situacións de desemprego e precarización laboral, ás dificultades de acceso á vivenda de alugueiro; tamén aos atrancos para continuar financiando e apoiando os procesos de formación nos que están inmersos ou aqueles que queren abordar no futuro. Non esquecemos a necesidade dun acceso fluído á creación cultural, é dicir, a que a cultura feita polas mozas e mozos da cidade forme parte do campo cultural a través de procesos de integración da produción e investigación que no eido creativo desenvolven as xeracións novas. Por último, tampouco esquecemos a poboación moza migrante, aos retornados e aos inmigrantes que chegan á cidade nunha coxuntura ben complexa, acentuada en procesos que poden derivar en exclusión social.



Para unha planificación estratéxica do antedito, precísase a elaboración dun plan municipal que asuma a mocidade coma colectivo prioritario nas políticas de emprego e desenvolvemento económico, nas de vivenda, nas políticas sociais, culturais e educativas.

Sería necesario que o goberno municipal entendese que a mocidade é prioritaria para a cidade e, ademais de dedicar pouco máis de 100.000 euros a actividades do Departamento de Xuventude e 142.357 ao servizo de xestión e programación de actividades do Centro Xove da Almaciga, dese, impulsado pola coxuntura, un salto cualitativo e implicase ás outras áreas de goberno na atención ás necesidades da xente moza.

Sen darlle posibilidades para levar adiante a súa vida, sen apoiala e orientala nesta última crise, Compostela sufrirá as consecuencias de non ser unha cidade para que a xente nova viva, traballe, cree e constrúa o futuro. Esta é a nosa defensa, a través desta moción reivindicamos que a mocidade de Compostela precisa dun plan ambicioso, dotado de orzamento en distintas áreas municipais e non só nun departamento que nestes momentos puido estar máis activo para o acompañamento dun colectivo en risco de vulnerabilidade. Agardamos que os novos orzamentos prioricen as necesidades das mozas e mozos de Compostela e para iso, o Grupo Municipal de Compostela presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

O Pleno da Corporación insta ao correspondente órgano de goberno á elaboración, dotación orzamentaria e posta en marcha dun 'Plan Municipal de Xuventude' no que se impliquen transversalmente diferentes áreas do goberno municipal para poder dar conxuntamente resposta ás necesidades de emprego, vivenda, educación e acceso á creación cultural das mozas e mozos de Santiago de Compostela.

MOCIÓN PARA A APROBACIÓN DE EXENCIÓNS NA ORDENANZA 3.14: TAXA POLO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, DA ORDENANZA 3.15: TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E CONSERVACIÓN DE CONTADORES E DEVOLUCIÓN DE RECIBOS COBRADOS DA ORDENANZA 3.16 TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS URBANOS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ante a grave situación que sofren a nosa veciñanza e os sectores do comercio e a hostalería, o Goberno municipal debe facer todos os esforzos posibles para paliar os

prexuízos que as medidas de confinamento e peche obrigatorio por mor da pandemia causaron e están a causar na economía local.

Tendo en conta que o artigo 24.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de las Haciendas Locales, establece que “Para la determinación de la cuantía de las tasas podrán tenerse en cuenta criterios genéricos de capacidad económica de los sujetos obligados a satisfacerlas”, o grupo municipal de Compostela Aberta, propón:

1- Modificar, o artigo 7 de Exencións e Bonificacións, da Ordenanza Fiscal Reguladora 3.14 da Taxa polo saneamento e depuración de augas residuais e da Ordenanza Fiscal Reguladora 3.15 da Taxa polo Servizo de Suministración de Auga e Conservación de Contadores, de forma que se engadirían, as xa existentes, as seguintes exencións:

c) Aqueles autónomos, PEMES e calquera outras empresas usuarias de tomas destinadas a usos comerciais, hostelería, ou industriais que se atoparan afectados por, como mínimo, o 20% da súa actividade como consecuencia das resolución adoptadas durante o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e subseguintes disposicións normativas adoptadas quer polo Goberno Central, quer polo da Xunta de Galicia, como consecuencia da crise sanitaria xerada pola epidemia provocada polo SARS-Cov2.

d) As persoas afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego motivado polas situacións a que se refire o apartado 1, que non recibiran complemento salarial adicional algún diferente á prestación por desemprego terán dereito a unha bonificación na subministración da súa vivenda habitual

As traballadoras e traballadores autónomos ou por conta propia terán dereito ás bonificacións establecidas no apartado 2 deste artigo cando cumpriran simultaneamente cos dous seguintes requisitos:

1. Ser perceptores da prestación extraordinaria por cese de actividade para os afectados pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 que se regula no artigo 17 do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.

2. Que a renda do conxunto da súa unidade familiar, con posterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, non exceda de 2,6 veces o Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) de 14 pagas, equivalente a 1.400 euros en cómputo mensual.

2- Devolución dos importes cobrados da Ordenanza 3.16 da Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, á hostalería e empresas afectadas.

O artigo 26.3 TRLRFL, que se refire ao devengo das taxas, indica o seguinte: “Cando por causas non imputables o suxeito pasivo, o servizo público, a actividade administrativa ou o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente”. Apartado no que se atoparía a taxa pola recollida de lixo, xa que o feito impoñible viuse imposibilitado durante un período de tempo “por causa non imputable o suxeito pasivo”.

Este artigo da Lei de Facendas Locais serviu a numerosos concellos para non cobrar as taxas de recollida de lixo aos negocios e empresas que se viron obrigados a pechar polo estado de alarma ou polas medidas aprobadas no DOG o 4 de Novembro. No Concello de Santiago só se suspendeu o cobro da tarifa variable.

Por exemplo, o Concello de Vigo, aprobou a dedución no recibo anual pola parte proporcional do tempo que as actividades que estiveron imposibilitadas do servizo de recollida de lixo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte ACORDO:

1-Modificación da ordenanza 3.14 Taxa de Saneamento e depuración de augas residuais e da ordenanza 3.15 Taxa polo servizo de subministración de auga e conservación de contadores, para a inclusión de novas exencións no artigo 7 de ambas ordenanzas:

c) Aqueles autónomos, PEMES e calquera outras empresas usuarias de tomas destinadas a usos comerciais, hostalería, ou industriais que se atoparan afectados por, como mínimo, o 20% da súa actividade como consecuencia das resolucións adoptadas durante o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e subseguintes disposicións normativas adoptadas quer polo Goberno Central, quer polo da Xunta de Galicia, como consecuencia da crise sanitaria xerada pola epidemia provocada polo SARS-Cov2.

d) As persoas afectada por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego motivado polas situacións a que se refire o apartado 1, que non recibiran complemento salarial adicional algún diferente á prestación por desemprego terán dereito a unha bonificación na subministración da súa vivenda habitual

As traballadoras e traballadores autónomos ou por conta propia terán dereito ás bonificacións establecidas no apartado 2 deste artigo cando cumpriran simultaneamente

cos dous seguintes requisitos:

1. Ser perceptores da prestación extraordinaria por cese de actividade para os afectados pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 que se regula no artigo 17 do Real Decreto Ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.

2. Que a renda do conxunto da súa unidade familiar, con posterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, non exceda de 2,6 veces o Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) de 14 pagas, equivalente a 1.400 euros en cómputo mensual.

2- Devolución dos importes cobrados, a tarifa fixa, da Ordenanza 3.16 da Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, á hostalería e empresas afectadas que se viron obrigadas ao peche dos seus locais durante o estado de alarma e o peche derivado das medidas publicadas no DOG do 4 de Novembro.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA INSTAR AO PARLAMENTO DE GALICIA E AO GOBERNO GALEGO A MANTER E AMPLIAR AS GARANTÍAS LEXISLATIVAS AMBIENTAIS E A TRANSPARENCIA E ACESSO Á DOCUMENTACIÓN PÚBLICA DAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS GALEGAS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a principios de novembro unha nova “Lei de reactivación económica de Galicia”, argumentando a súa necesidade na búsqueda da axilización dos trámites administrativos na creación de empresas, na eliminación das supostas barreiras actuais, na existencia de solapamentos innecesarios, así como duplicidades legais e administrativas.

Curiosamente, é o propio Feijóo como presidente do goberno galego quen, nos últimos anos, tén impulsado outras leis con obxectivos ou fins similares, e semella que agora insatisfactorias. A primeira delas foi a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica que foi a primeira desta serie de normativas que apostan por facilitar a implantación de “calquera actividade con seguridade xurídica”. Posteriormente, esta lei foi modificada outras catro veces.

Pouco despois aprobouse a *Lei 1/2015 de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración*, que colocaba o foco na axilización dos procedementos administrativos para que a **“tramitación administrativa non fose un problema” en palabras do presidente galego que volvía insistir na necesidade de ofrecer ás empresas “seguridade xurídica” para que se poidan instalar en Galicia.**

Seguidamente aprobouse a *Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais*, popularmente coñecida como a ‘Lei de depredación de Galicia’, coa que tamén se volvía a buscar a ‘seguridade xurídica’ e a constituir un “marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza” para apoiar ás empresas, unha lei que en menos de tres anos foi modificada xa tres veces máis. A pesar das ansias lexislativas para garantir “seguridade xurídica” para as empresas, co anuncio desta nova lei de ‘reactivación’ o goberno galego demostra non estar aínda satisfeito coa simplificación de trámites e coas facilidades que se lle dá ás empresas para instalarse no noso país. Tal é así que o presidente volve insistir nas mesmas liñas centrais, como “a diminución da xestión burocrática da Administración pública autonómica”.

Tendo en conta os antecedentes do corpo lexislativo de Feijóo, e os efectos que teñen provocado no territorio galego, non é de estrañar que o tecido asociativo veciñal, ambientalista e social desconfie das verdadeiras intencións do goberno da Xunta e do Partido Popular. Por todo o país sucédense e esténdense as desconfianzas cara un goberno que coa súa lexislación procurou amparar proxectos de megaminería ou permitir a instalación de vertedoiros en núcleos rurais habitados, como ben demostrou a recente tentativa no lugar de Corexo.

Numerosos colectivos de base sospeitan que as verdadeiras intencións da Xunta son as de restrinxir e mesmo eliminar o dereito ao acceso á documentación pública sobre determinadas iniciativas empresariais social e ambientalmente agresivas que ao Partido Popular tanto lle gusta amparar, cando non incentivar. Témesese que cando esta lei sexa

unha realidade se amplíe aínda máis a “barra libre” que en grande parte xa existe hoxe, sobre todo para levar adiante proxectos de carácter esquilador en espazos agora abandonados, como canteiras, para seren transformados en vertedoiros ou reactivar explotacións mineiras. Todo no marco do oscurantismo e opacidade co que a Xunta está a tratar a chegada dos fondos europeos de reconstrución a Galicia, tendo anunciado 108 proxectos dos que pouco ou nada se sabe. Non semella moi errado intuir que esta nova lei que se está preparando vaia facerse ‘a medida’ dos intereses empresariais representados nestes proxectos.

Un dos eixos que recibirá máis fondos destes orzamentos europeos vai ser o da ‘transición enerxética’ co obxectivo de lograr a descarbonización do país antes do ano 2050. Galicia atópase ante este reto cunha normativa eólica obsoleta. O ‘Plan Eólico’ aprobado en 1997, modificado por última vez en 2002, non garante a correcta integración da actividade eólica no territorio con respecto á paisaxe, o medio ambiente e os asentamentos de poboación no rural, e representa o clásico modelo oligopólico de desenvolvemento económico. Neste sentido, é preciso contar cun marco normativo que democratice o sector introducindo a participación do tecido asociativo e da cidadanía en xeral, que garanta a racionalidade e sustentabilidade do sector eólico galego.

Baixo a escusa da simplificación de trámites, semella que o presidente Feijóo busca priorizar novamente o beneficio das grandes corporacións en vez de centrarse en problemas como a sanidade ou a educación ou mesmo un investimento empresarial rigoroso e efectivo. Baixo as metáforas coas que se bautizan as súas leis camúflanse intencións que moitas veces van mesmo no sentido contrario ás estratexias da propia UE, como por exemplo no investimento verde que en Galicia se sitúa claramente por baixo da media europea e do Estado. Ademais da opacidade e do peche do debate público sobre que proxectos son os que deberían ser prioritarios e cales non, para empregar eses fondos de reconstrución.


Un vello xeito de camuflar os verdadeiros resultados das políticas de desenvolvemento económico. A pesar de todo este armazón normativo e da propaganda da Xunta de Feijóo, todos os datos indican que Galicia continúa a perder peso económico no conxunto do Estado, fronte ao Norte de Portugal, continúan as deslocalizacións de empresas e a captación de capital estranxeiro non fai máis que baixar. Todo isto é o resultado duna política económica que non aproveita as potencialidades do país, que deixa fuxir oportunidades e tamén dos recortes orzamentarios que, entre outros moitos, tamén

destacan no ámbito do desenvolvemento económico, como se pode ver reflectido nestes gráficos con datos da propia administración galega.

En definitiva, un balance negativo no que non se atenden as necesidades reais do país, nin sequer aquelas relativas a un desenvolvemento económico sustentable e con futuro, ao tempo que se busca un desarme da protección administrativa do noso territorio.


Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

Orzamento da Xunta distribución funcional. Millóns de euros.



Fonte: Orzamentos da Xunta • Descarga os datos • Inserir **praza**

Millóns de euros | Variación absoluta dos orzamentos da Xunta por funcións a respecto de 2009



Fonte: Orzamentos da Xunta • Descarga os datos • Inserir **praza**

ACORDO:

1. Instar ao Parlamento de Galicia a:

a. garantir o cumprimento de todas as garantías ambientais e de transparencia e acceso á información pública sobre calquera iniciativa empresarial ou doutro tipo e en todas as normativas lexislativas futuras que se aproben.

b. aprobar un novo marco normativo para unha transición enerxética xusta e democrática, comezando pola aprobación dun novo Plan Eólico baixo os parámetros de sustentabilidade, participación pública, participación cidadá e preservación dos valores paisaxísticos, ambientais e sociais

2. Instar á Xunta de Galicia a:

a. aumentar as partidas destinadas ao desenvolvemento económico nos orzamentos do goberno galego, sucesivamente nos próximos anos, ata alcanzar as contías e porcentaxes anteriores ao ano 2000, e que este se desenvolva no marco da sustentabilidade social e ambiental.

b. facer públicos os 108 proxectos que van ser financiados cos fondos de reconstrución europea, e abrir un verdadeiro debate público, implicando o tecido asociativo do país, sobre a súa idoneidade ou non.

3. Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia así como ao tecido ambiental, social e veciñal de Santiago.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA INSTAR Á XUNTA E AO PARLAMENTO GALEGO A RECOÑECER A SINGULARIDADE CULTURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No anterior mandato municipal, o Concello de Santiago modificou a ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, así como a ordenanza reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas. Tratouse dunha actualización para a adaptación de ambas normativas á nova *Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*. A modificación desta normativa municipal relacionada co desenvolvemento de espectáculos públicos tiña como obxectivo a simplificación da tramitación administrativa, así como manter a singularidade e a identidade cultural de Santiago e a súa actividade musical, seguindo os criterios da *Directiva 2006/123/CE do Parlamento*

Europeo e do Consello, de 12 de diciembre de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Así, elimínouse o requirimento dunha superficie mínima esixible para cada categoría de local de hostalería, para garantir que non haxa ningunha discriminación no acceso ás actividades de servizos. Tamén se permitiu a utilización de aparellos de amplificación ou altosfalantes nos establecementos con licenza de bar ou cafetería, para permitir a amenización ou ambientación musical por medios técnicos ou con voz e música en directo con ou sen amplificación sempre que non se superen os niveis máximos de inmisión, emisión e recepción previstos no decreto de contaminación acústica de Galicia; eliminando a distinción que existía ata aquel momento entre a música ao vivo e a música gravada, para manter unicamente o condicionante do nivel de decibelios permitido.

Contra este recoñecemento da música ao vivo nos locais como unha singularidade cultural e unha riqueza de Santiago de Compostela, a Xunta interpuxo un recurso no TSXG sen ter procurado previamente ningún tipo de diálogo entre administracións. Con esta actuación, o goberno galego decidiu unilateralmente xudicializar unha cuestión de vital importancia para a cidade, sen ter feito ningunha comunicación previa co Concello, nin cando se fixo pública a intención do goberno local de modificar a ordenanza, nin no período de alegacións posterior á súa aprobación inicial.

Recentemente, o TSXG estimaba o recurso contencioso-administrativo da Xunta de Galicia contra a modificación da ordenanza e declaraba a nulidade do artigo 44.6 e da disposición transitoria 3ª, poñendo seriamente en perigo a riqueza cultural e musical de Santiago de Compostela e agravando a crise de moitos locais composteláns xa en situación precaria de por sí, por causa da crise da Covid-19.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. O Pleno do Concello de Santiago reconece a música ao vivo nos locais de Compostela como unha riqueza da cidade que singulariza no contexto galego e europeo
2. Instar á Xunta de Galicia a reconecer esta riqueza cultural e musical de Santiago a través dunha modificación normativa que permita manter a singularidade cultural da nosa cidade.
3. Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia así como ao tecido cultural de Santiago.

MOCIÓN PARA A CREACIÓN DA RUTA CULTURAL EN BARCIELA E MARANTES

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a creación da ruta cultural en Barciela e Marantes co obxectivo de recuperar un tramo antigo do Camiño Inglés con abondoso patrimonio natural e cultural vinculado á tradición xacobeá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación veciñal Rego das Pedras trasladou a proposta para a creación da ruta cultural de Barciela e Marantes, como alternativa ao Camiño Inglés, para recuperar o antigo trazado do Camiño de Santiago e pór en valor o patrimonio existente.

Con esta ruta cultural pódense dar a coñecer a igrexa de Santo Andrés da Barciela, a Fonte dos Ingleses e a capela da Agualada cun claustro románico atribuído ao obradoiro do Mestre Mateo. Cómpre ter en conta as actuacións desenvolvidas polo Consorcio da Cidade para a rehabilitación deste templo, polo que representa unha boa oportunidade para a súa difusión entre a propia veciñanza de Compostela e as persoas visitantes.

O itinerario proposto tamén inclúe o paso por zonas verdes, xa que transcorre por un 80% de vías forestais con árbores frondosas e sen tráfico. Ademais, no lugar de Agualada, existe unha zona verde de titularidade municipal cunha carballeira dotada con parque infantil, pista polideportiva e bancos con mesas de madeira que complementa esta ruta como área para o descanso e o lecer.

A isto súmase que na variante proposta a seguranza viaria é moito maior que no actual trazado do Camiño Inglés, xa que evita calquera cruce da N-550 en superficie e úsase un paso inferior xa existente no lugar de Agualada. Deste xeito, cómpre cunha senda de 5 km cun desvío á altura da indicación km 15,780 e o seu final no km 10,852 para a recuperación do antigo trazado do Camiño de Santiago.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta a crear a ruta cultural de Barciela e Marantes, como variante ao Camiño Inglés, para recuperar un tramo antigo do Camiño de Santiago con abondoso patrimonio natural e cultural vinculado á tradición xacobeá.

MOCIÓN PARA INCREMENTAR O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL PARA OS CONCELLOS SUFRAGAREN GASTOS DERIVADOS DA PREVENCIÓN DA COVID-19

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para instar a Xunta a que incremente o Fondo de Cooperación Local para facultar os concellos a sufragar gastos derivados da prevención da pandemia da covid-19 e tamén para que manteña a asignación da bolsa de horas extraordinarias do Servizo de Axuda no Fogar mentres dure a situación de emerxencia sanitaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Orzamentos da Xunta para 2021 prevén unha redución das asignacións aos concellos mediante o Fondo de Cooperación Local. De feito, dos 135,8 millóns consignados en 2020, para o vindeiro ano 2021 serán 127 millóns de euros cando os concellos precisan dunha achega extraordinaria para facerlles fronte aos gastos derivados das medidas de prevención da pandemia da covid-19 que adopta a propia Xunta.

Deste xeito, débese asignar unha cantidade complementaria nun contexto en que os concellos deben asumir gastos extraordinarios relacionados coa limpeza de centros de ensino, desinfección, sinalización, adaptación de espazos públicos, publicación de información, adquisición de máscaras, convocatorias de axudas, reforzo de servizos públicos e desdobre de espazos para manter distancias sociais de seguranza, entre outros, para poderen sufragar economicamente as prescricións do comité clínico.

O sistema de distribución deste Fondo de Cooperación Local debe, ademais, establecerse entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os concellos tanto para o fondo base como para o fondo adicional, de maneira que estes recibirán a consignación segundo o coeficiente de repartición, de xeito proporcional e equitativo. Este Fondo de Cooperación Local debe manter, polo tanto, o consenso para servir de ferramenta para canalizar estas achegas da Xunta ás entidades locais e evitar discriminacións partidistas. Cómpre lembrar que o fondo adicional se repartiu no ano 2020 conforme o acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local.

Nos Orzamentos para 2021 hai consignados 7.698.398 para a RISGA dentro do Programa de Cooperación coas Entidades Locais, unha cantidade idéntica á de 2020 e que resultará insuficiente tendo en conta os datos de incremento de persoas no limiar da pobreza que saíron á luz durante a pandemia, froito da economía somerxida e dos contratos precarios. Neste contexto, a maioría dos concellos tiveron que artellar medidas como reparto de

alimentos a domicilio, abonos de compra en tendas de barrio e supermercados ou mesmo coa creación de bancos de produtos de primeira necesidade alimenticia e de hixiene.

Por poñer un exemplo, en Santiago de Compostela foron máis de 760 familias as que se viron na necesidade, xa no mes de abril, de coller o chamado “tícket especial de compra” por 50 euros semanais. No mes de maio de 2020 aprobáronse nun Pleno extraordinario pagos para atender gastos sociais derivados da covid-19 que alcanzaban naquela altura os 2,7 millóns de euros neste municipio. Deles, destináronse 187.365 euros ao servizo de atención ás persoas sen fogar, 51.328 euros para reforzar programa de atención domiciliaria de persoas maiores, 815.850 euros para cubrir o gasto do programa do tícket especial de compra, 82.500 euros para as bolsas de comedor escolar, 6.000 euros para a compra de medicamentos para persoas en situación de vulnerabilidade e 2.710 euros a axudas para os bonos de datos a nenos e nenas que non dispuxeran dos mesmos para realizar as súas actividades escolares.

Outra das evidencias que saíu á luz durante o confinamento domiciliario foron as eivas da aplicación da Lei de Dependencia, tanto no relativo á precariedade da situación das residencias de maiores como no Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

De feito, a Xunta tivo que proceder a realizar un incremento extraordinario de horas para o Servizo de Axuda no Fogar, segundo aprobou en abril co decreto do estado de emerxencia sanitaria e que, segundo lles comunicou aos concellos, queda limitado ao 30 de novembro e non permite atender a demanda de novas persoas usuarias desde o 30 de setembro. Para poder atender as persoas en listaxe de agarda para valoración do grao de dependencia e aquelas que, por causas sobrevidas pola pandemia que o precisen, cómpre estender esa bolsa extraordinaria de 500.000 horas que se habilitara inicialmente. A supresión desa bolsa provoca que moitas persoas que contaban co servizo fiquen sen el de non poderen ser incorporadas ás horas que teñen asignadas os concellos con carácter ordinario.

Con Galiza inmersa na segunda vaga da pandemia e coa ordenación dos peches perimetrais, reducións de aforos e limitacións para prestar o servizo nos centros de día con normalidade resulta incomprensíbel a supresión desta bolsa de horas antes de rematar o ano 2020. De feito, segue a ser preciso manter a ampliación deste servizo con carácter extraordinario até que finalice a emerxencia sanitaria decretada polo propio Executivo galego á vista de que as listas de agarda de dependencia seguen a existir ao se tratar dun problema estrutural mentres a Xunta non abra vías de resolución.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO



1. O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta a incrementar o Fondo de Cooperación Local para facultar os concellos a sufragar gastos derivados da prevención da pandemia da covid-19.
2. O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta a manter a asignación de horas extraordinarias do Servizo de Axuda no Fogar mentres dure a situación de emerxencia sanitaria.
3. O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta a respectar a autonomía das institucións municipais e a non condicionar o destino dos Fondos de Cooperación Local.

MOCIÓN PARA MELLORAR A UCI-A DO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para mellorar a UCI-A do Hospital Clínico de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade de Coidados Intensivos de adultos do Hospital Clínico de Santiago (UCI-A) é a unidade de referencia para as persoas enfermas de covid-19 para a que os/as profesionais deben contar cunha formación específica en unidades de críticos. Mais é unha sala aberta que dispón tan só de dous cubículos, de aí que os/as profesionais están expostos/as ao risco de contaxio do coronavirus e, no caso de contaxio, a Xerencia atópase cun problema serio ao non existir profesionais (médicos, enfermeiras, TCAES) dispoñíbeis na listaxe de contratación que, ademais, non contan coa formación específica en coidados críticos.

A Xerencia incumpriu o acordado cos/as profesionais antes do verán, de facer unha UCI-A con cubículos para que os/as traballadores/as non estivesen xornadas de 7 a 10 horas cos equipos de protección individual (EPI) sen poder descansar. A desculpa da Xerencia é que non atoparon empresa para realizar esta obra en 3 meses, mais a realidade é que non existía nin proxecto, nin partida orzamentaria nin acordo do Consello da Xunta para realizar estas obras, como aconteceu tamén coa obra do servizo de Urgencias.

Ante a falta dunha UCI-A con cubículos, a Xerencia desbotou o plan de prevención fronte o coronavirus (SARS-COV-2) dos/as traballadores/as desta área sanitaria e o do Ministerio de Sanidade, nin tampouco estimou traballar nunha unidade que teña cubículos pechados para atender en mellores condicións de traballo pacientes covid-19.



A Xerencia obviou tamén o plan de prevención de riscos centrados no posto de traballo, que debe garantir as condición de traballo e medidas de seguridade, tanto para o/a profesional como para o/a enfermo/a.

Outra carencia que ten o persoal é a formación en riscos laborais (teórica e práctica) para o persoal contratado que chega á unidade e de adestramento para o resto do persoal. Así como a formación en novas técnicas e aparellos da unidade.

Por outro lado, o persoal advirte da falta de EPI, uniformidade suficiente, duchas próximas e suficientes perto da unidade para non ter que percorrer todo o hospital co uniforme usado. Así, o persoal que se ve sometido a traballar nesta precariedade reclama mellorar as condicións no traballo, que é a única solución para permitir contar con prestacións sanitarias de calidade.

Ante estes feitos, o persoal mantén unha folga para reclamar estas medidas estruturais, medidas organizativas e preventivas, a aplicación do plan de prevención de riscos, dotación de EPI e duchas-vestiario próximas á unidade, formación de profesionais e controis de PCR periódicos necesarios para a conciliación da vida familiar e laboral.

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela solidarízase coas demandas do persoal da UCI do CHUS en folga e reclámalle á Xunta que realice, de urxencia, as melloras nas UCI-A para favorecer as condicións de saúde laboral destes/as profesionais que están en primeira liña na atención sanitaria da covid-19.

MOCIÓN PARA QUE NON SE INSTALE DEFINITIVAMENTE O MERCADO NA RÚA DE PARÍS DAS FONTIÑAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para que deixe de realizarse o mercado na rúa de París

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 3 e 4 de decembro unha representación dos presidentes e presidentas de diferentes residenciais de Fontiñas fixéronnos saber o seguinte:

Que presidentas e presidentes das comunidades de veciños de distintos residenciais, que engloban arredor de 1000 vivendas e, aproximadamente, 3.000 veciños/as, diante da información, recollida por algúns medios de comunicación, de que o Concello pretendía realizar todos os sábados, a partir do 5 de decembro, o mercadiño na Rúa París, trasladan

o seu rexeitamento e piden a súa paralización. Esta solicitude non foi atendida e o día 5 de decembro instalouse o mercadiño nas Fontiñas.

Que reafirman o desacordo coa realización do mercadiño por considerar que este barrio nin conta coas condicións axeitadas para albergalo nin o momento actual, en plena pandemia pola Covid-19, parece o máis apropiado para tomar este tipo de decisións.

Que consideran que son moitos os prexuízos que trae para a veciñanza, ao agravar o problema xa actual de aparcadoiro, a sobrecarga de tráfico, a redución da mobilidade das persoas residentes, o desvío de autobuses urbanos e a supresión de paradas, corte dunha rúa e redución do espazo de acceso ás vivendas, ademais da xeración de ruídos e outras molestias nunha rúa non deseñada para este tipo de comercio cando os veciños e veciñas se estableceron nela.

Que se opoñen á emprazalo na Rúa París, por molestar a miles de veciños e veciñas (é a rúa máis poboada do barrio), téndose que retirar máis de 150 vehículos das prazas de aparcadoiro todos os sábados (ou venres pola noite), bloquear toda a rúa e cortala ao tráfico.

Que manifestan que, se o Concello pretende realizar o mercadiño coa intención de revitalizar o centro comercial da ÁREA CENTRAL, esta dispón dun EXTENSO PERÍMETRO INTERIOR CUBERTO PARA USO COMERCIAL, que pode ser un lugar axeitado para acollelo. Para ese uso justamente foi creado o centro comercial, e de feito vén acollendo todo tipo de exposicións, mercados e negocios: libro, automóbil de ocasión, antigüidades, minerais, etc. Ademais, o centro comercial dispón un amplo aparcadoiro para acoller os vehículos d@s comprador@s e vendedor@s e incluso pode facilitar o acceso puntual para carga e descarga d@s vendedor@s, a través da praza de Europa, e non interrompería o resto do barrio.

Que consideran que antes de que se produza rexeitamento contra unha decisión precipitada do Concello, nunha época tan delicada pola pandemia que estamos a atravesar e na cal se espera que as administracións velen pola veciñanza, sería conveniente o estudo de alternativas máis racionais tanto para o mercado como para a revitalización da Área Central.

Estando de acordo coas razóns expostas, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago acorda non continuar coa realización do mercado na Rúa París das Fontiñas.

O Pleno do Concello de Santiago acorda, co obxecto de revitalizar o centro comercial da Área Central, estudar a posibilidade de realizalo no perímetro interior cuberto para uso comercial de dita Área.

MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHAS BASES DE AXUDAS NAS QUE PRIME A INFORMACIÓN E CRITERIOS OBXECTIVOS PARA UNHA MAIOR EFICACIA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Xunta de Goberno do pasado 7 de decembro aprobáronse as bases relativas á concesión extraordinaria de axudas para o rescate dos sectores do comercio, restauración e hospedaxe e da cultura, a fin de paliar os efectos da pandemia da COVID-19. Unhas axudas que traen causa dun fito orzamentario: a dedicación de 3,5 millóns de euros do remanente municipal para dotar este tipo de liñas de soporte aos emprendedores.

As bases na súa concreción son o produto dunha decisión do Goberno, ao parecer previamente dialogada e acordada con diversas entidades asociativas.

Para o Grupo Popular o papel das asociacións resulta encomiable e fundamental a fin de identificar os problemas reais e as posibles axudas. No entanto, cómpre integrar ou considerar na definición das bases de axudas outras sensibilidades e outros factores de accesibilidade e equidade que contribúan a mellorar a eficiencia e a eficacia dos recursos públicos para chegar a quen máis o necesita.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular proponlle á Corporación á adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano municipal para que nas futuras convocatorias de axudas destinadas a apoiar aos sectores máis afectados pola crise económica se procure a mellora da información e o establecemento de criterios obxectivos que contribúan a unha priorización das axudas, para garantir unha distribución máis axustada en función das necesidades, e a unha optimización dos recursos públicos para a mellora do tecido económico do Concello.

MOCIÓN PARA O IMPULSO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E POSTA EN VALOR PARA AS PERSOAS MAIORES

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos colectivos que máis está sufrindo a crise provocada pola pandemia é o das persoas maiores, posto que, ademais de pertencer a un grupo de risco ante a COVID-19, moitas delas teñen que facerlle fronte ao confinamento en soidade.

Arredor dun 22% da poboación de Santiago supera os 65 anos de idade e moitas desas persoas (cálculase que unhas 4.500) viven soas. Desde hai anos, e de forma especial desde os inicios da pandemia polo mes de marzo, desde o Grupo Popular temos incidido nesta realidade tratando de ofrecer medidas de atención e axuda para quen sofre un especial illamento que implica aumentar a súa vulnerabilidade, tamén fronte a unha enfermidade que xa padezan, podendo empeorar aínda máis a súa situación.

En 2017 propuxémoslle ao Concello elaborar un censo detallado de persoas maiores que vivan soas que permitira interesarse por elas, unha proposta que reiteramos hai uns meses conscientes da utilidade dunha medida que facilitaría coñecer e atender nos seus domicilios a quen máis o necesita.

Agora propoñemos unha nova iniciativa para crear unha nova liña de coidado que procura mellorar a calidade de vida das persoas maiores atendendo á súa saúde emocional, porque o benestar non só se determina pola saúde física senón tamén polos aspectos emocionais, que son os grandes esquecidos e máis nuns momentos tan difíciles como os actuais. Con ese fin, propoñemos un proxecto de atención á soidade emocional e social daquelas persoas maiores do noso Concello que vivan soas, ou teñan problemas de mobilidade que lles impidan desenvolver actividades cotiás ou de ocio, ou aquelas outras que precisan un alento de compañía para recuperar azos.

Trátase de establecer un programa que xa se está a desenvolver con éxito nalgúns concellos e que pode ser prestado por voluntarios, de xeito colaborativo, pero baixo a coordinación da Concellaría de Servizos Sociais. Polo tanto, trátase fundamentalmente dun plan de acompañamento telefónico –cun custo asumible e aberto tamén á colaboración doutras entidades- para o fomento da aprendizaxe e da solidariedade, que se podería desenvolver cun corpo de voluntariado aberto a todas as persoas, especialmente a mocidade e maiores para que, de xeito organizado, pero desde a xenerosidade, presten a súa compañía a aquelas persoas que o precisen.



Os obxectivos deste programa son moi amplos, pero fundamentalmente inciden no intercambio de experiencias, o fomento da solidariedade, romper cos estereotipos relacionados coa idade e compartir afectos.

A relación interxeracional co voluntariado máis novo achegaríalle aos maiores non só acompañamento, senón tamén vitalidade, autoestima e integración; e a cambio os máis novos poderían gañar en aprendizaxe, identidade cultural e valores. Cando o voluntariado sexa exercido entre maiores fortalécese a idea de relación grupal, de compartir actividades, vida social e experiencias similares.

Este programa de atención telefónica mediante voluntariado suporía non só un valioso labor de acompañamento senón tamén unha axuda para a plena integración das persoas maiores na vida social baixo o criterio da posta en valor da experiencia e baixo o principio de dar e recibir como fundamento dunha sociedade respectuosa cos nosos maiores e educadora da mocidade en valores de solidariedade.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano do Goberno local a que promova a posta en marcha dun programa de atención telefónica mediante voluntariado para o acompañamento de persoas maiores que vivan en soidade, contribuíndo á integración social, a relación interxeracional e a posta en valor da experiencia e da solidariedade entre a veciñanza.

MOCIÓN PARA ACOMETER MELLORAS DE ACCESIBILIDADE NA ZONA DE SANTAS MARIÑAS, NO BARRIO DE SAR

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado mes de novembro, o Consorcio da Cidade de Santiago remataba as obras de rehabilitación e mellora do recinto e a capela de Santas Mariñas. O resultado, a pesar dalgúns restos da obra que aínda permanecen no lugar, mellorou notablemente o aspecto da zona.

Con todo, nos arredores deste ámbito histórico rehabilitado persisten unha serie de razoables demandas veciñais sen atender que contribuirían non só ao realce da actuación realizada, senón a darlle resposta a problemas de accesibilidade, de servizo e mesmo de

estética que se teñen posto de manifesto por parte dos afectados en máis dunha ocasión, sen que ata o de agora se lle atopara solución, malia que esta non semella nin custosa, nin complicada.

Á marxe doutras actuación de maior entidade, como a complexa ampliación do funil da rúa de Picaños que leva anos agardando a súa quenda, as demandas da veciñanza da zona céntranse a curto prazo en tres cuestións que consideran prioritarias e asumibles nestes momentos:

- En primeiro lugar, o acondicionamento da rúa Afonso X O Sabio, que transcorre pola parte traseira da capela de Santas Mariñas. Trátase dun tramo de apenas un centenar de metros, cunha estreiteza acrecentada pola maleza das marxes e cun pavimento avellado, sen beirarrúas e con pedras soltas, cheo de irregularidades e por riba con vehículos aparcados que dificultan o tránsito das persoas, especialmente crianzas e acompañantes que por el circulan como un atallo para asistir ao próximo colexio Ramón Cabanillas.

Esta curta rúa, que ten un tramo ben pavimentado e urbanizado no ámbito da capela, serve tamén como unha alternativa de boa parte da veciñanza da parte máis alta para evitar o importante desnivel da rúa do Campo do Amo, un obstáculo practicamente insalvable para quen ten a mobilidade reducida.

- Unha segunda demanda, tamén relacionada coa accesibilidade, refírese á mellora dos camiños que desde esta parte da cidade conectan coa senda principal das Brañas de Sar, entre a Colexiata e A Pontepedriña. Entre a rede de camiños que axudarían a permeabilizar e darlle unha maior funcionalidade a este itinerario -probablemente o máis cómodo e rápido acceso peonil á nova estación intermodal, que ademais actúa como recoñecido traxecto dos *colecamiños*-, a veciñanza sinala a mellora dos comprendidos entre o Carreiro de Picaños e o colexio Ramón Cabanillas, en especial o que descende preto de capela de Santas Mariñas e que, a pesar de contar cunha longuíssima plataforma de baixada mesmo con pasamáns de aceiro inoxidable, remata abruptamente nun estreito vieiro de algo máis de 50 metros que conecta co tramo final da rúa do Carreiro de Picaños (tamén en moi mal estado) e finalmente cunha das sendas principais das Brañas.

- Por último, entre outras demandas e necesidades que requirían maior tempo e recursos, sinalase a conveniencia de adecentar un local municipal situado no número 7 da Rúa de Santas Mariñas, que leva anos nunha situación lamentable, mentres non se lle atopa unha utilidade concreta para a colectividade. Apuntan os veciños, non sen razón, que resulta incomprensible este estado de abandono dunha propiedade municipal apenas a medio cento de metros da capela, cuxo ámbito foi rehabilitado recentemente, algo que dubidan se se lle admitiría a calquera particular. Como unha medida que combinara a estética, a contención do gasto e unha doada execución poderíase valorar a ocultación da lamentable

fachada -e mesmo da parede do lado- cun recubrimento de madeira, de forma semellante ao que se fixo no contiguo muro da capela.

Á vista do sinalado, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se contemple como unha prioridade para futuras actuacións a mellora do pavimento da rúa Afonso X o Sabio, a adecuación dos camiños de acceso ás Brañas de Sar e o adecentamento da fachada do local de propiedade municipal situada rúa de Santas Mariñas.

MOCIÓN PARA GARANTIR O ARRANXO DOS VIAIS PÚBLICOS TRALA CORTA E ABATEMENTO DE ÁRBORES

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É algo habitual que cada ano, logo das actividades extractivas de madeira nas parcelas forestais do noso concello, se produzan importantes e cuantiosos danos e prexuízos nos diferentes viais públicos do rural (camiños de servizo da parcelaria, camiños forestais, etc.), polo uso da maquinaria pesada empregada nos ditos traballos. Así o podemos comprobar hai unhas semanas no lugar de Bálsona, na parroquia de San Caetano, do que ofrecemos unhas imaxes no anexo fotográfico que acompaña esta iniciativa.

Son moi poucas as veces, por non dicir nunca, que os ditos viais son reparados polos suxeitos responsables (fundamentalmente empresas madeireiras), de forma que os estragos producidos veñen a sumarse, se aínda cabe máis, ao mal estado de conservación e deterioro dos nosos camiños públicos, que os acaban de converter en intransitables na maioría dos casos para os veciños do lugar. A todo isto, debemos sumarlle a falta dun axeitado programa de mantemento e conservación destes camiños ao longo de décadas por parte do noso Concello.

A normativa municipal reguladora de diversos aspectos da xestión forestal que afectan ao medio ambiente, á convivencia veciñal e aos bens municipais establécese na Ordenanza Municipal non fiscal reguladora de plantacións forestais e corta de árbores, aprobada polo Pleno do 26 de xullo de 2002 (BOP Coruña nº 228, do 3 de outubro de 2002). No artigo 7 desta ordenanza non fiscal, sinalase a obrigatoriedade da comunicación previa da tala de plantacións forestais cando superen as 20 toneladas ou procedan dunha superficie superior a 500 metros cadrados. Así mesmo, determínase que a persoa encargada da tala

será responsable directa dos danos ocasionados nas vías públicas municipais, quedando obrigada á súa reparación para o que depositará unha fianza a favor do Concello, co obxecto de responder voluntariamente dos posibles danos non reparados, na contía fixada polo técnico municipal.

Para un maior control e efectividade das previsións contidas na citada ordenanza, sería conveniente que se reforzaran os mecanismos de coordinación coas autorizacións outorgadas por outras entidades competentes en materia forestal (Distrito Forestal), a supervisión do estado das vías afectadas e o cumprimento das obrigas de reposición, tal e como recolle a normativa municipal.

En relación con esta cuestión, e para tratar de evitar os estragos producidos nas vías rurais como consecuencia dos labores de corta, abateamento e transporte de especies forestais, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se mellore a coordinación con outras entidades competentes en materia forestal a fin de controlar os labores de corta de árbores e que, en todo caso, o Concello extreme as esixencias de cumprimento da ordenanza municipal non fiscal reguladora de plantacións e corta de árbores, en especial no relativo á obrigatoriedade de comunicación previa da tala das árbores e o establecemento de fianza ao obxecto de responder de posibles danos nos viais que non foran reparados voluntariamente.

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS PARA CONVOCAR A COMISIÓN DE CONDECORACIÓN E DESIGNAR CO NOME DE EREXIA A NOVA PRAZA ENTRE A AVENIDA DE LUGO E OS CONCHEIROS

Para incrementar a visibilización das mulleres nas rúas e prazas da cidade, a Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria trasladou a proposta de incluír o nome de Exeria, unha peregrina que habitou en Gallaecia do século IV, na praza que se abrirá na avenida de Lugo á entrada dos Concheiros, no Camiño de Santiago.

Exeria é unha muller relacionada co feito diferencial cultural galego. A Xeración Nós sitúa os inicios do feito diferencial galego nos séculos IV-VI. O mesmo Daniel Castelao, no seu Discurso Alba de Gloria, pronunciado no Teatro Arxentino de Bos Aires o 25 de xullo de 1948, evoca os símbolos da nosa historia, tanto xeográficos como humanos soñando cunha Santa Compañía encabezada por Prisciliano e Exeria, persoas que a Xeración Nós considera os primeiros fitos diferenciais da cultura galega.

Exeria foi a primeira peregrina da que temos constancia na Hispania. Percorreu Terra Santa entre os anos 382 e 385 para coñecer de primeira man os lugares de referencia da fe cristiá. Dado que Santiago de Compostela é un dos tres centros de peregrinación cristiá (xunto con Xerusalén e Roma) é de lei ter un recuncho da cidade dedicado a esta nosa insigne peregrina.

Exeria non só camiñou, senón que escribiu un Itinerario no que recolleu todas as investigacións e impresións que a ían sorprendendo na viaxe. O Itinerario, escrito en latín coloquial e dedicado ás súas amigas, dános idea dunha muller que comparte vida con outras ás que quere facer partícipes das súas descubertas.

Ao ser unha praza que utilizarán persoas peregrinas e veciñanza da nosa cidade, poñerlle o nome de Exeria fará que moita xente, galega e de fóra, se achegue a esta muller da Gallaecia, coñeza a súa obra e valore a importancia que a cultura tiña xa na nosa terra no século IV.

Ademais de darlle nome á praza, incrementárase o contido mediante unha intervención cultural e artística de carácter expositivo permanente nesta praza para remarcar a figura de Exeria e a súa importancia na cultura galega. En coordinación co Departamento de Cultura do Concello, organizarase algún tipo de acto cultural na cidade que visibilice máis aló do seu nome esta peregrina e escritora.

Elixir o nome de Exeria é importante porque hai moi poucas referencias a esta muller en Galicia. Tan só un edificio das instalacións da Universidade de Vigo leva o seu nome. Se Compostela é a capital de Galicia e un centro de peregrinación mundial, é de lei remarcar o nome desta peregrina galega nalgún espazo de relevancia para o conxunto da cidade.

Deste xeito, o Concello de Santiago de Compostela acorda convocar o Consello Asesor de Condecoracións para atender a petición de denominar “Exeria” a nova praza entre a avenida de Lugo e Os Concheiros, ademais de realizar nese emprazamento unha intervención cultural e artística que remarque a figura desta muller e a súa importancia na cultura galega.

Foron presentadas emendas a algunha das mocións que figuran na sesión, e as que foron aceptadas xa son recollidas na parte resolutiva dos respectivos acordos.

En relación coas mocións presentadas adoptáronse os seguinte acordos:

En primeiro lugar procédese á votación da moción conxunta dos catro grupos políticos municipais, que substitúe ao rogo presentado polo BNG, para convocar a comisión de condecoracións e designar co nome de Exeria a nova praza entre a Avenida de Lugo e os Concheiros, e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda convocar o Consello

Asesor de Condecoracións para atender a petición de denominar “Exeria” á nova praza entre a Avenida de Lugo e Os Concheiros, ademais de realizar nese emprazamento unha intervención cultural e artística que remarque a figura desta muller e a súa importancia na cultura galega.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para a elaboración e posta en marcha dun plan municipal de xuventude, á que presentou emenda o grupo municipal do BNG, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda instar ao correspondente órgano de goberno:

1.- Á elaboración, dotación orzamentaria e posta en marcha dun ‘Plan Municipal de Xuventude’ no que se impliquen transversalmente diferentes áreas do goberno municipal para poder dar conxuntamente resposta ás necesidades de emprego, vivenda, educación e acceso á creación cultural das mozas e mozos de Santiago de Compostela.

2.- A convocar o Consello municipal de mocidade, tendo en conta que o regulamento aprobado en 2001 especifica que o seu pleno debe reunirse de xeito ordinario cada trimestre e aínda non foi constituído neste mandado 2019-2023.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a aprobación de exencións nas ordenanzas 3.14, 3.15 e 3.16, á que presentou emenda o grupo municipal do BNG, e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1.- Modificación da ordenanza 3.14 taxa de saneamento e depuración de augas residuais e da ordenanza 3.15 taxa polo servizo de sumministración de auga e conservación de contadores, para a inclusión de novas exencións no artigo 7 de ambas ordenanzas:

c) Aqueles autónomos, PEMES e calquera outras empresas usuarias de tomas destinadas a usos comerciais, hostalería, ou industriais que se atoparan afectados por, como mínimo, o 20% da súa actividade como consecuencia das resolucións adoptadas durante o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, e subseguintes disposicións normativas adoptadas quer polo Goberno Central, quer polo da Xunta de Galicia, como consecuencia da crise sanitaria xerada pola epidemia provocada polo SARS-Cov2.

d) As persoas afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego

motivado polas situacións a que se refire o apartado 1, que non recibiran complemento salarial adicional algún diferente á prestación por desemprego terán dereito a unha bonificación na subministración da súa vivenda habitual.

As traballadoras e traballadores autónomos ou por conta propia terán dereito ás bonificacións establecidas no apartado 2 deste artigo cando cumpriran simultaneamente cos dous seguintes requisitos:

1. Ser perceptores da prestación extraordinaria por cese de actividade para os afectados pola declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 que se regula no artigo 17 do Real Decreto Ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.

2. Que a renda do conxunto da súa unidade familiar, con posterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, non exceda de 2,6 veces o Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) de 14 pagas, equivalente a 1.400 euros en cómputo mensual.

2.- Devolución dos importes cobrados, a tarifa fixa, da ordenanza 3.16 da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, á hostalería e empresas afectadas que se viron obrigadas ao peche dos seus locais durante o estado de alarma e o peche derivado das medidas publicadas no DOG do 4 de novembro.

3.- Modificación, tan axiña como sexa posible, das ordenanzas 3.14 taxa polo saneamento e depuración de augas residuais, 3.15 taxa polo servizo de subministración de auga e conservación de contadores e 3.16, taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, para incluír os seguintes beneficios fiscais do 100% nas cotas fixas e variables:

Ás mulleres embarazadas monoparentais e os núcleos familiares con fillos/as até os 21 anos, as integradas en familias con risco de exclusión social, as familias con fillos/as con discapacidade do 33% ou superior e as que teñan incapacidade para traballar con independencia da súa idade.

Isto substituirá a redacción dos puntos 7.1.b) da ordenanza 3.14 taxa polo saneamento e depuración de augas residuais; 7.1.b) da ordenanza 3.15 taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos e 6.1.c) da ordenanza 3.16, taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos:

As mulleres embarazadas que polas súas circunstancias persoais se atopen soas ou estean integradas en familias con risco de exclusión social ou con especiais dificultades para o exercicio das responsabilidades parentais, dende a data da concesión ata que o menor cumpra 3 anos de idade.

4.- Darlle publicidade directa a estas cuestións entre os colectivos afectados.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para instar ao Parlamento de Galicia e ao Goberno Galego a manter e ampliar as garantías legislativas ambientais e a transparencia e acceso á documentación pública das iniciativas empresariais galegas, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Instar ao Parlamento de Galicia a:

a. garantir o cumprimento de todas as garantías ambientais e de transparencia e acceso á información pública sobre calquera iniciativa empresarial ou doutro tipo e en todas as normativas legislativas futuras que se aproben.

b. aprobar un novo marco normativo para unha transición enerxética xusta e democrática, comezando pola aprobación dun novo Plan Eólico baixo os parámetros de sustentabilidade, participación pública, participación cidadá e preservación dos valores paisaxísticos, ambientais e sociais

2. Instar á Xunta de Galicia a:

a. aumentar as partidas destinadas ao desenvolvemento económico nos orzamentos do goberno galego, sucesivamente nos próximos anos, ata alcanzar as contías e porcentaxes anteriores ao ano 2000, e que este se desenvolva no marco da sustentabilidade social e ambiental.

b. facilitar aos grupos parlamentarios o acceso aos 108 proxectos que van ser financiados cos fondos de reconstrución europea.

3. Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia así como ao tecido ambiental, social e veciñal de Santiago.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para instar á Xunta e ao Parlamento Galego a recoñecer a singularidade cultural de Santiago de Compostela, e

despois de ser aceptada a emenda transaccional in voce do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1. Recoñecer a música ao vivo nos locais de Compostela como unha riqueza da cidade que singulariza no contexto galego e europeo
2. Instar á Xunta de Galicia a recoñecer esta riqueza cultural e musical de Santiago a través dunha modificación normativa que permita manter a singularidade cultural da nosa cidade.
3. Dar conta deste acordo a todos os grupos con representación no Parlamento de Galicia así como ao tecido cultural de Santiago e a FEGAMP.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para a creación da ruta cultural en Barciela e Marantes, que foi emendada polo grupo municipal do PP, do propio BNG e do PSdeG-PSOE, e despois de chegar a acordo nunha transaccional, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (2 BNG, 10 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda que o concello de acordo coa proposta da Asociación Veciñal Rego das Pedras de Marantes, levará a cabo a sinalización e posta en valor dunha ruta cultural entre Barciela e Marantes, e instará á Xunta de Galicia a estudar a posibilidade de considerala unha variante ao Camiño Inglés, dando a coñecer o seu patrimonio natural e cultural vinculado á tradición xacobeá.

A moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para incrementar o fondo de cooperación local para os concellos sufragaren gastos derivados da prevención da COVID-19, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (2 BNG, 10 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar á Xunta:

1. A incrementar o Fondo de Cooperación Local para facultar os concellos a sufragar gastos derivados da prevención da pandemia da COVID-19.
2. A manter a asignación de horas extraordinarias do Servizo de Axuda no Fogar mentres dure a situación de emerxencia sanitaria.

3. A respectar a autonomía das institucións municipais e a non condicionar o destino dos Fondos de Cooperación Local.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar a UCI-A do Hospital Clínico Universitario, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE que non foi aceptada, xa que logo o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que o Concello de Santiago se solidarice coas demandas do persoal da UCI do CHUS en folga e reclámarlle á Xunta que realice, de urxencia, as melloras nas UCI-A para favorecer as condicións de saúde laboral destes/as profesionais que están en primeira liña na atención sanitaria da COVID-19.

Interrómpese a sesión cando son as 14:58 horas e volve a retomarse ás 16:02 horas, incorporándose á sesión todos os asistentes agás o señor interventor e dona Esther Pedrosa.

Con respecto á moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, relativa ao mercado na rúa París de Fontiñas, á que presentou emenda o grupo municipal de Compostela Aberta e que non foi aceptada, xa que logo, o Pleno da Corporación por 2 votos a favor correspondentes ás concelleiras do BNG, e 22 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e de Compostela Aberta (9 PSdeG-PSOE, 8 PP e 5 CA), acorda non continuar coa relación do mercado na rúa París das Fontiñas, e co obxecto de revitalizar o centro comercial de Área Central, estudar a posibilidade de realizalo no perímetro interior cuberto para uso comercial de dita área.

Incorpórase á sesión a concelleira dona Esther Pedrosa.

Na moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, relativa a elaboración de bases de axudas nas que prime información e criterios obxectivos para unha mellor eficacia, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as correspondentes ao grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano municipal para que nas futuras convocatorias de axudas destinadas a apoiar aos sectores máis afectados pola crise económica se procure a mellora da información e o establecemento de criterios obxectivos que contribúan a unha priorización das axudas, para garantir unha distribución máis axustada en función das necesidades, e a unha optimización dos recursos públicos para a mellora do tecido económico do concello.

A moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o impulso dun programa de acompañamento e posta en valor para persoas maiores, á que presentou emenda o grupo municipal do BNG, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP e 2 BNG), e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de Compostela Aberta (10 PSdeG-PSOE e 5 CA), acorda instar ao correspondente órgano de goberno local:

1. A que promova a posta en marcha dun programa de atención telefónica mediante voluntariado para o acompañamento de persoas maiores que vivan en soidade, contribuíndo á integración social, a relación interxeracional e a posta en valor da experiencia e da solidariedade entre a veciñanza.
2. A convocar o Consello de Persoas Maiores.

Con respecto á moción do grupo municipal do Partido Popular, para acometer melloras de accesibilidade na zona de Santas Mariñas, no barrio de Sar, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que por parte do correspondente órgano de goberno local se contemple como unha prioridade para futuras actuacións a mellora do pavimento da rúa Afonso X O Sabio, a adecuación dos camiños de acceso ás Brañas de Sar e o adecentamento da fachada do local de propiedade municipal situado na rúa de Santas Mariñas.

Por último e con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para garantir o arranxo dos viais públicos trala corta e abateamento de árbores, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que por parte do correspondente órgano do goberno local se mellore a coordinación con outras entidades competentes en materia forestal a fin de controlar os labores de corta de árbores e que, en todo caso, o concello extreme as esixencias de cumprimento da ordenanza municipal non fiscal reguladora de plantacións e corta de árbores, en especial no relativo á obrigatoriedade de comunicación previa da tala das árbores e o establecemento de fianza ao obxecto de responder de posibles danos nos viais que non foran reparados voluntariamente.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 17:36 horas do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

O secretario xeral do pleno,
Asdo: José Ramón Alonso Fernández